



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 125

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 16 de outubro de 2015

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

Punto único

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia - 09/DEBA-000002 (27295)

Publicación, BOPG núm. 342, fasc.1, do 17.09.2014

Retómase a sesión ás once da mañá.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (Punto único da orde do día.) (Continuación.)

A señora presidenta dálle a palabra ao señor secretario para que dea lectura aos acordos da Mesa sobre as propostas de resolución dos grupos parlamentarios. (Páx. 7.)

O señor secretario (Balseiro Orol) dá lectura aos acordos da Mesa sobre as propostas de resolución. (Páx. 7.)

Rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa das súas propostas de resolución: *Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. 8.), Sra. Martínez García (M) (Páx. 10.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 12.), Sra. Díaz Pérez (AGE) (Páx. 16.), Sra. Gallego Calvar (S) (Páx. 20.) e Sra. Rodríguez Arias (P). (Páx. 24.)*

Rolda dos grupos parlamentarios para posicionarse sobre as propostas de resolución dos demais grupos: *Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. 28.), Sra. Martínez García (M) (Páx. 29.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 30.), Sra. Díaz Pérez (AGE) (Páx. 32.), Sra. Gallego Calvar (S) (Páx. 34.) e Sra. Rodríguez Arias (P). (Páx. 36.)*

Votación das propostas de resolución

A señora presidenta somete a votación, en primeiro lugar, as propostas de resolución transaccionadas. (Páx. 38.)

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 19 do G.P. Mixto e a proposta de resolución número 27 do G.P. Popular de Galicia: *aprobado por 43 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención. (Páx. 39.)*

Votación do texto transaccionado entre o G.P. Popular de Galicia e o G.P. Mixto sobre a proposta de resolución número 20 do G.P. Popular de Galicia: *aprobado por 43 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención. (Páx. 39.)*

Votación da proposta de resolución número 12 do G.P. Mixto: *rexeitada por 1 voto a favor 42 en contra e 30 abstencións. (Páx. 39.)*

Votación da proposta de resolución número 13 do G.P. Mixto: *rexeitada por 1 voto a favor, 73 en contra e ningunha abstención. (Páx. 39.)*

Votación da proposta de resolución número 26 do G.P. Mixto: *rexeitada por 9 votos a favor, 41 en contra e 23 abstencións. (Páx. 39.)*

Votación da proposta de resolución número 38 do G.P. Mixto: *rexeitada por 26 votos a favor, 41 en contra e 6 abstencións. (Páx. 39.)*

Votación das propostas de resolución números 3, 4 e 14 do G.P. Mixto: *aprobadas por 74 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación das propostas de resolución números 8, 9 e 39 do G.P. Mixto: *rexeitadas por 16 votos a favor, 57 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación das propostas de resolución do G.P. Mixto, agás as xa votadas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación da proposta de resolución número 9 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobada por 74 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación das propostas de resolución números 6, 10 e 31 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 16 votos a favor, 41 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 40.)

Votación das propostas de resolución números 1, 3 e 23 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 16 votos a favor, 58 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación das propostas de resolución do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, agás as xa votadas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación da proposta de resolución número 1 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitada por 15 votos a favor, 58 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación da proposta de resolución número 4 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitada por 16 votos a favor, 58 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación da proposta de resolución número 7 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación da proposta de resolución número 10 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación da proposta de resolución número 17 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitada por 16 votos a favor, 41 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 41.)

Votación da proposta de resolución número 18 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *aprobada por 74 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación da proposta de resolución número 30 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitada por 16 votos a favor, 58 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación da proposta de resolución número 32 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación da proposta de resolución número 34 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación da proposta de resolución número 38 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitada por 16 votos a favor, 58 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación da proposta de resolución número 3 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitada por 9 votos a favor, 58 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 42.)

Votación da proposta de resolución número 15 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitada por 26 votos a favor, 41 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 42.)

Votación da proposta de resolución número 25 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitada por 15 votos favor, 58 en contra e 1 abstención.* (Páx. 42.)

Votación da proposta de resolución número 31 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *aprobada por 74 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación das propostas de resolución números 8 e 22 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitadas por 16 votos a favor, 41 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 42.)

Votación das propostas de resolución números 2, 19 e 33 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitadas por 16 votos a favor, 58 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación das propostas de resolución do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, agás as xa votadas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación da proposta de resolución número 1 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 26 votos a favor, 48 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación da proposta de resolución número 2 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 26 votos a favor, 41 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 43.)

Votación da proposta de resolución número 24 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 18 votos a favor, 41 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 43.)

Votación da proposta de resolución número 25 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 25 votos a favor, 41 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 43.)

Votación da proposta de resolución número 28 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación das propostas de resolución números 18 e 40 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *aprobadas por 67 votos a favor, ningún voto en contra e 6 abstencións* (Páx. 44.)

Votación das propostas de resolución números 14 e 26 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 25 votos a favor, 41 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 44.)

Votación das propostas de resolución números 27 e 34 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *aprobadas por 74 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Votación das propostas de resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, agás as xa votadas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Votación da proposta de resolución número 4 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 43 votos a favor, 25 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 44.)

Votación da proposta de resolución número 7 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 14 en contra e 19 abstencións.* (Páx. 44.)

Votación da proposta de resolución número 9 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 58 votos a favor, 10 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 44.)

Votación da proposta de resolución número 11 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 24 en contra e 9 abstencións.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 14 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 67 votos a favor, 1 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 26 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 31 en contra e 2 abstencións.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 34 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 24 en contra e 9 abstencións.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 36 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 43 votos a favor, 24 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 37 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 49 votos a favor, 1 en contra e 24 abstencións.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 38 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 42 votos a favor, 31 en contra e 1 abstención.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 39 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 24 en contra e 9 abstencións.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 6 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 16 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 46.)

Votación da proposta de resolución número 24 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 15 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 46.)

Votación das propostas de resolución números 22 e 40 do G.P. Popular de Galicia: *aprobadas por 41 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

Votación das propostas de resolución números 1, 19 e 32 do G.P. Popular de Galicia: *aprobadas por 41 votos a favor, 31 en contra e 2 abstencións.* (Páx. 46.)

Votación das propostas de resolución números 21, 23, 25, 29, 33 e 35 do G.P. Popular de Galicia: *aprobadas por 43 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

SUMARIO

Votación da proposta de resolución número 8 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 42 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

Votación da proposta de resolución número 16 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 42 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

Votación das propostas de resolución do G.P. Popular de Galicia, agás as xa votadas: *aprobadas por 41 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Remata a sesión ás dúas e media da tarde.

Retómase a sesión ás once da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bo día de novo.

Reiniciase a sesión.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (Continuación.)

A señora PRESIDENTA: A sesión, segundo o acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces do día 6 de outubro de 2015, desenvolverase do seguinte xeito. En primeiro lugar, anuncio da agrupación ou votación separada das propostas de resolución conforme á información recibida dos grupos parlamentarios. Rolda de intervención dos portavoces dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global de todas as propostas de resolución, por un tempo máximo de vinte minutos por grupo parlamentario. Rolda de posicionamento dos grupos, en relación coas propostas dos outros grupos, por un tempo de dez minutos por grupo parlamentario. E votación das propostas de resolución.

A seguir ten a palabra o secretario da Cámara para que dea lectura ao acordo da Mesa sobre as propostas de resolución admitidas e a súa agrupación para as votacións.

Ten a palabra, secretario.

O señor SECRETARIO (Balseiro Orol): Comunicación ao Pleno do Parlamento de Galicia en relación coas propostas de resolución presentadas ao debate de política xeral de 2015.

Acordo de cualificación e admisión a trámite das propostas de resolución.

“A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 15 de outubro de 2015, logo de examinadas as propostas de resolución formalizadas polos grupos parlamentarios en relación co Debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2015, tendo en conta o disposto no artigo 141.bis do Regulamento do Parlamento de Galicia e os criterios de cualificación establecidos pola Mesa da Cámara o 6 de outubro de 2015, logo da audiencia da Xunta de Portavoces e despois de

aberto o prazo de reformulación de determinadas propostas, adoptou o seguinte acordo:

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Mixto, documento 42791; 40 propostas de resolución presentadas. Admítese a trámite a totalidade das propostas de resolución, logo de reformulada a proposta de resolución número 21, documento número 42811.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, documento número 42793; 40 propostas de resolución presentadas. Admítense a trámite todas as propostas de resolución formuladas, logo de reformuladas as propostas de resolución números 18 e 19, documento número 42808.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, documento número 42792; 40 propostas de resolución presentadas. Admítense a trámite todas as propostas de resolución presentadas, logo de reformulada a proposta de resolución número 23, documento número 42812.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, documento número 42794; 40 propostas de resolución presentadas. Admítense todas as propostas de resolución presentadas, logo de reformuladas as propostas de resolución números 4, 7, 9 e 24, documento número 42806.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, documento número 42795; 40 propostas de resolución presentadas. Admítense todas as propostas de resolución presentadas, logo de reformulada a proposta de resolución número 20, documento número 42805.”

Acordo sobre as propostas de transacción e peticións de votación separada de propostas de resolución.

“A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 16 de outubro de 2015, logo de examinadas as propostas de transacción e as peticións de votación separada de propostas de resolución, tendo en conta os citados criterios adoptou o seguinte acordo.

Tomar coñecemento das propostas de transacción e das peticións de votación separada seguintes. Propostas de reso-

lución transaccionadas, documento rexistrado 42867, sobre as propostas número 19 do Grupo Parlamentario Mixto e número 27 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Documento rexistrado 42871, sobre a proposta número 20 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia co Grupo Parlamentario Mixto.

Solicitud e agrupación de votación separada das propostas de resolución.

As propostas de transacción implican o decaemento das propostas de resolución sobre as que se transaccionan, polo que estas non se someterán a votación. Someterase a votación a parte resolutiva e non a parte expositiva das propostas de resolución.

Propostas de resolución transaccionadas. Entre as propostas de resolución número 19, do Grupo Mixto e 27, do Grupo Popular de Galicia:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar e coordinar a redacción por parte do sector leiteiro galego, e segundo as súas demandas e propostas, dun plan estratéxico de futuro para o sector lácteo galego, para reforzar e asegurar a posición de liderado do sector lácteo galego en España e poderlle facer fronte á crise actual nun mercado liberalizado. Así como apoiar o mesmo co afondamento no desenvolvemento dunha planificación específica para o lácteo dentro do Programa de desenvolvemento rural 2014-2020, como suma ás medidas destinadas a axudar o sector a curto prazo diante da difícil situación que están a padecer. E formulando unha planificación complementaria dentro do mesmo a medio e longo prazo, centrada en dar resposta ás situacións estruturais do noso sector lácteo.

Asemade, promoveranse dentro deste plan as liñas destinadas a apoiar a calidade diferenciada, fomentando tamén o avance na consecución de maior valor engadido para o leite, mediante a mellora da transformación e comercialización do mesmo en base ao desenvolvemento de novos produtos, e á integración das cooperativas no marco transformador e comercializador.”

Tomando como base a proposta de resolución número 20 do Grupo Popular de Galicia co Grupo Mixto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a intensificar o fomento do asociacionismo municipal e a racionalización da estrutura territorial de Galicia; completando o proceso de diálogo co Concello de Vigo e outros trece concellos que integran a Área Metropolitana de Vigo; e escoitando a todos os grupos políticos que integran as respectivas corporacións municipais, co fin de consensuar as modificacións que procedan na Lei 4/2012, do 12 de abril, e poñer en marcha a área metropolitana no ano 2016.”

Debate das propostas de resolución

A señora PRESIDENTA: Todos os grupos parlamentarios dispoñen do acordo ao que acaba de dar lectura o secretario. En calquera caso, farase chegar tamén un documento coas votacións, que van ter lugar de xeito ordenado para que todo o mundo sexa consciente, con claridade, do que se vai votar.

Comezamos entón co debate das propostas de resolución, coa rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global das propostas de resolución.

Polo Grupo Mixto, señoras Iglesias e Martínez.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bo día a todas. Bo día, presidenta.

Agardo que as propostas do Grupo Mixto, da 1 á 20 –que son as que elaborou esta deputada, todas elas en positivo–, sexan tidas en consideración por este hemiciclo. Pero sobre todo agardo que, de facelo, sexan cumpridas na súa totalidade e non queden en papel mollado.

Comezarei pola proposta número 1, que versa sobre o que máis preocupa á cidadanía segundo o CIS: a mellora das políticas públicas de emprego, mellora do mercado laboral e dos dereitos da clase traballadora.

É urxente un gran pacto social para a mellora do mercado laboral, cuxo estado actual é consecuencia da brutal reforma que levou a cabo o partido que nos goberna no ano 2012. Unha reforma laboral que incentiva o traballo a tempo parcial; un tipo de contrato que xera pobreza laboral, desnutrición infantil e profundas brechas sociais. Sen emprego –mellor dito, sen emprego de calidade e digno– non hai recuperación posible. Pero para iso temos que recoñecer que

o austericidio non mellorou a vida das persoas, e buscar alternativas para facer políticas para as persoas e non para os chamados mercados, que non son máis que o sistema financeiro.

A proposta número 2 –tamén moi importante para esta deputada– versa sobre a corrupción. Dados os múltiples casos de corrupción nos partidos e nas institucións, e a alarma social e desconfianza que isto xera na cidadanía cara ás mesmas, que ocupa o segundo lugar dos asuntos que máis lles preocupan ás cidadás, considero de vital importancia que sexa aprobada por este Parlamento. Leréillela: “O Parlamento de Galiza insta a Xunta a elaborar unha normativa que protexa, ampare, apoie e recoñeza ás persoas que denuncien e/ou sexan testemuñas en procesos de corrupción política para que se protexa a súa intimidade, se lles garanta asistencia xurídica gratuíta e estabilidade laboral, protexéndoas do acoso e desprestixio no traballo.”

O acontecido con Ana Garrido, denunciante da Gürtel, e con Fernando Urruticoechea, denunciante de moitos casos de corrupción en moitos concellos onde exerceu de interventor, sitúannos nun contexto en que se fai imprescindible legislar sobre a figura da testemuña ou denunciante de corrupción. Ana Garrido, seis anos despois de ter denunciado a Gürtel, deixou 5.000 euros en litixios, tivo que poñer á venda propiedades e padeceu acoso, menosprezo e baixadas de salario; segue a padecer os problemas que comezaron para ela trala denuncia e seguen sen ser recoñecidos os seus méritos; mentres se lles outorgan medallitas a virxes dos católicos.

Urruticoechea ten ao lombo dous expedientes disciplinares e unha demanda á honra interposta por Arbonasa, unha empresa implicada en corruptelas.

En Galiza tamén temos o caso do señor Pérez Cribeiro, a quen a xuíza Lara, instrutora da Pokémon, tivo que declarar testemuña protexida ante a súa insostible situación de presión. Nun sistema democrático resulta imprescindible protexer xurídica e laboralmente esta figura, denunciante da corrupción política, para facilitar que calquera cidadán poida exercer o dereito e o deber de denunciar corruptelas políticas nun sistema democrático. A día de hoxe, estas cidadás atópanse en situación de desprotección, e mesmo son vulnerados os seus dereitos.

A terceira proposta ten que ver con aumentar os orzamentos da educación, a sanidade e a dependencia; é dicir, de políticas sociais, como continuidade dese outro modelo que supla as políticas neoliberais que consideran gasto o que é inversión nos alicerces sociais.

Aprobarán vostedes as propostas 4, 5 e 6 se verdadeiramente queren, teñen vontade política e sensibilidade social e ideolóxica na loita contra a violencia de xénero. Sexan valentes e promovan a promoción e o recoñecemento da figura xurídica do feminicidio na lexislación, tal e como recolle a proposta número 6. É o momento, señorías, de dar pasos –e paso á política e á lexislación– nunha loita real contra este terrorismo de carácter global: o terrorismo machista. E nesa dirección, na dirección dos dereitos das mulleres para acadar a igualdade real en todos os ámbitos sociais e dende o berce, presento a proposta 4: que se penalicen as declaracións machistas de cargos públicos; a 5: aumentar os permisos de maternidade e que sexan intransferibles; e a 7: implantación real dun sistema coeducativo.

En coherencia coa resolución aprobada por unanimidade no anterior Debate do estado da nación, pola que este Parlamento condena o franquismo e os seus crimes, e tamén coa proposta aprobada no ano 2001 no Parlamento español cos votos do Partido Popular, na que se instaba o Goberno á rehabilitación da guerrilla antifranquista, deberían ser aprobadas ámbalas dúas, a 8 e a 9. A 9 trata de dar recoñecemento a loitadoras pola democracia, ás mulleres e aos homes da Galiza que perseveraron na súa loita contra o golpe de estado franquista ata ben entrados os anos sesenta. A guerrilla galega é unha das máis importantes de España, e tamén diría que do mundo. Foi parte e arte dun movemento antifascista e antifranquista nun contexto europeo, á espera dunha axuda por parte dos estados aliados na Segunda Guerra Mundial na recuperación da perda de dereitos democráticos que supuxo o triunfo dos militares rebeldes; axuda que nunca chegou a producirse ao ser admitido o Goberno franquista na estratexia anticomunista da Guerra Fría, o que deixou a estas loitadoras no desleixo e no esquecemento. É hora de facer xustiza, señores, cos maquis, coa guerrilla. Xa caeu o Muro de Berlín, ese polo menos, aínda que agora se levanten outros. Personalizan estes guerrilleiros e guerrilleiras, en definitiva, o primeiro intento de loita pola recuperación democrática que chegou a este país tralo triunfo do golpe de estado.

A resolución número 8 pretende corrixir unha das múltiples eivas dunha transición fundamentada no esquecemento, consolidando a Lei de amnistía, incompatible co dereito internacional; aprobada o 10 de outubro de 1997 cos votos da esquerda parlamentaria no Congreso dos Deputados, e que no seu artigo 2.f mantén como incluídos na amnistía os delitos cometidos por axentes e funcionarios da orde pública contra os dereitos das persoas. Deste xeito, queda impune calquera delito ou violación dos dereitos humanos acontecido en España antes do 15 de decembro de 1976.

As resolucións 10, 11 e 12 instan a consideración de suxeitos políticos con dereitos algúns dos colectivos sociais que non votan, pero que si forman parte da nosa sociedade e das nosas vidas: a infancia galega, os enfermos terminais e os animais vítimas das touradas e dos circos.

A proposta número 12, sobre a reforma da Lei electoral. A 13, sobre a desaparición do Consello Consultivo. A 14, das listas de contratación; propóñense para unha mellora da rexeneración democrática e da transparencia. De aprobárense, melloraría a nota que acada este Parlamento, en transparencia na adxudicación de obra pública, por parte da organización Transparencia Internacional de España. E recórdolles que é un cero, señorías; un cero patatero, que diría José Mari Aznar, tan locuaz el coma sempre, sobre todo ultimamente.

Non acepto como válido o argumento, para o mantemento do Consello de Contas, da categoría profesional e política dos membros, a súa experiencia como homes de Estado. Ademais, e tendo en conta a condición non vinculante dos ditames do Consello, o que lle dá carácter de inoperatividade, faga merecedores a estes individuos dos datos económicos superprivilexiados; estatus a conta dos cartos públicos, dos cartos de todas, cando os novos talentos non atopan oportunidades de futuro e vense na obriga de marchar fóra.

As propostas 15 e 16 preocúpanse pola educación, especialmente no rural, e tamén pola deriva que relega as materias de humanidades e artísticas, que están a facer que a sociedade sexa máis inculta e especializada dende idades temperás, para ser útiles á sociedade mercantil; é dicir, cumprir o artigo 27.2 da Constitución: educar para acadar o pleno desenvolvemento da personalidade humana. Para formar robots útiles para a sociedade, con teléfonos móbiles

máis intelixentes que os usuarios consumidores, xa temos o que hai.

O pasado verán Galiza sufriu unha das peores pragas de incendios, devastando montes e ata pobos, tendo chegado o lume ata o pé das casas. Nesa dirección vai a proposta 17.

Asemade, asistimos a unha das maiores mobilizacións do sector lácteo. Proposta 19, que está transaccionada co Partido Popular. Polo tanto, non a vou desenvolver neste momento porque está transaccionada.

E a proposta dunha rede mellorada que favoreza a mobilidade rural, que é a proposta número 18.

E non teño nada máis que dicir que agradecerlles a súa atención.

Moitas grazas. Bos días. (*Aplausos.*)

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Bo día a todos e a todas.

As propostas que presento, moitas delas teñen custo cero; é dicir, é unha cuestión de concepto político da sociedade e do papel que debe de levar adiante o Goberno galego para defender os intereses da maioría social, tal e como veñen anunciando que é o seu interese para este último ano de lexislatura.

A primeira proposta, a número 21, refírese á rexeneración e recuperación das rías; insta a emitir un informe negativo á prórroga da concesión de Ence-Elnosa.

Teño que empezar por dicir que todas as resolucións presentadas por min foron rexeitadas polo Partido Popular.

A proposta número 22, como non podía ser doutra maneira, fala do rescate do Hospital Álvaro Cunqueiro, baseándose nas múltiples deficiencias estruturais e funcionais, e, polo tanto, no incumprimento por parte da empresa concesionaria das súas obrigas.

A 23 fala de mudar o Plan de xestión de residuos urbanos de Galiza en consenso con todos os grupos políticos, en consenso cos concellos, coas asociacións ecoloxistas e coa cidadanía, e tamén foi rexeitada. Tamén a recuperación dos

recursos marisqueiros, con base no saneamento e protección das nosas rías, que tampouco aceptan.

As propostas 25 e 26 van dirixidas a que o Goberno galego sente a patronal e sindicatos para conquistar uns convenios de ámbito galego, sobre todo para eliminar esa dependencia de convenios de mínimos estatais, e tamén para eliminar a existencia de traballadoras e traballadores galegos que non teñen convenio de referencia e que, polo tanto, se rexen polos mínimos establecidos polo Estatuto dos Traballadores.

Nestas propostas 25 e 26 tamén se fala de avanzar, nesa negociación entre patronal e sindicatos, na mellora dos salarios galegos para que acaden a media estatal. E algo moi importante, rexeitado novamente polo Partido Popular –non é a primeira vez que o rexeita–, camiñar e avanzar na equiparación salarial e de oportunidades no mundo do traballo entre homes e mulleres. Algo terá o Partido Popular contra as mulleres cando se nega insistentemente a loitar e a apoiar a equiparación salarial entre homes e mulleres. Gustaríame que me explicaran esa negativa.

A proposta 27, destinada a deseñar un plan industrial que apoie os sectores produtivos, que se basee na I+D+i e na cohesión territorial, tamén foi rexeitada, non entendo por qué. Así como foi rexeitada a modificación da política forestal baseándoa na prevención e na explotación racional, para rematar coa fragmentación do sistema de loita e prevención dos incendios forestais, acabando coa precariedade existente no sistema e instaurando e recuperando a dependencia orgánica única da Administración galega.

Tamén se nega –e iso que nos acaba de prometer o presidente aquí presente, na sesión do mércores, o seu interese por apoiar a maioría social, por apoiar, sobre todo, os galegos e as galegas que están nunha peor situación–, o Partido Popular rexeita establecer un salario social universal que garanta que en ningún fogar queden sen cubrir as súas necesidades humanas básicas.

Tamén se nega a modificar a política enerxética, para garantir a enerxía a todos os fogares. Polo tanto, non sei onde está esa aposta social. Na proposta 31 néganse a garantir unha vivenda digna a todas as familias. Algunha explicación supoño que terán.

A proposta 32, que tamén foi rexeitada, trata de que nos orzamentos do 2016 se garanta a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero, facilitando a súa independencia económica coa concesión “inmediata e preventiva”; é dicir, antes xa de ter que comprobar nada, inmediatamente. O primeiro é que esa muller poida marchar da casa, que esa muller teña un salario, e despois ¡investiguen lo que quieran! Pero hai que sacar a esa muller e hai que darlle unha seguridade. Polo tanto, reclamabamos vivenda e salario da liberdade para todas as mulleres vítimas de violencia de xénero e que esa cantidade nunca poida ser inferior ao salario mínimo interprofesional anual; e ademais revisado en función dos fillos e fillas, incluíndo tamén os fillos e fillas que nazan nos 300 días seguintes á solicitude da prestación.

Tamén a proposta 33. Evidentemente, o Partido Popular négase a devolverlles aos traballadores e traballadoras públicos o que lles roubou. E digo que é un roubo porque foi un incumprimento unilateral do convenio colectivo único, e o convenio é lei. Polo tanto, cando alguén incumpre unilateralmente unha lei que está vixente, evidentemente está roubando, está cometendo un acto ilícito.

A proposta 34 era unha iniciativa dirixida a garantir o uso normal e oficial do galego; a potenciar o emprego da lingua galega en todos os planos da vida cultural, pública e informativa, dispoñendo dos medios necesarios para que o galego sexa a lingua vehicular. Tamén se rexeitou. Contabamos nesta iniciativa con que se achegara este debate sobre o idioma e este consenso a todos os sectores sociais, porque consideramos que, ademais das universidades, investigadores ou profesorado, hai outra parte da sociedade como ANPA, asociacións xuvenís, medios de comunicación, sectores tecnolóxicos, sindicatos ou patronal, mesmo os xuíces, que teñen un papel moi importante neste camiño de poñer o galego no lugar que lle corresponde como lingua propia de Galiza.

Tamén a proposta 35, que instaba a Xunta a erradicar esa continua utilización de contratos eventuais a tempo parcial que precarizan tanto o sistema público. Así como a 36, que pretendía integrar no sector público autonómico as fundacións de investigacións ligadas á sanidade.

A proposta 37 pretendía a convocatoria dunha OPE para cubrir todas esas prazas que se amortizaron, que son vacan-

tes, de xeito que se garanta a calidade dos servizos públicos e a súa universalidade.

A proposta 38 simplemente dicía que o Parlamento debe estar informado, debe opinar e, polo tanto, tratar calquera tipo de concerto con empresas privadas ou de contratos de colaboración público-privada.

A proposta 39, que tamén foi rexeitada, instaba o Goberno galego a que, con base no interese de defender os intereses da maioría social, con base nese compromiso que o outro día plasmaba o presidente da Xunta, instase o Estado a derrogar toda esa lexislación que veu usurpar dereitos conquistados pola maioría social. Ningún dos dereitos usurpados polas leis estatais que se nomean na iniciativa foi un regalo de ninguén, foron unha conquista que supuxo moita loita, que supuxo moita represión para moita xente, e que chegou a supoñer –incluso– a morte de moitos galegos e galegas que loitaban pola liberdade e pola xustiza social.

A proposta número 40, que tamén foi rexeitada, instaba o Goberno a modificar a política fiscal. Anunciaba o presidente, na sesión do mércores, unha rebaixa do IRPF. Eu estou totalmente en desacordo coa rebaixa do IRPF. Os impostos directos teñen que ir en función dos ingresos de cada persoa, e, polo tanto, pagar máis quen máis ten, pagar máis quen máis gana e pagar menos os que menos ganen, habendo persoas que non paguen nada. Esa é a única forma de garantir a existencia duns servizos públicos gratuitos, universais, que cheguen a toda a cidadanía, e non o que pretende o Partido Popular, que é instaurar un sistema de caridade onde parece que hai que darlles axudas aos pobres, como se a culpa fora deles e non fora do propio sistema.

Polo tanto, pediamos aumentar de forma progresiva os impostos directos e baixar os impostos indirectos, eses que pagamos todos –dá igual cales sexan os nosos ingresos–. E, fundamentalmente, baixar, instar o Goberno do Estado a que baixe o IVE dos produtos necesarios para a atención á infancia, dos produtos ou alimentos frescos e, tamén, o IVE cultural, porque considero que a cultura é o alimento do intelecto que vai garantir o futuro das vindeiras xeracións.

A señora PRESIDENTA: Por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Remato xa, presidenta, moitas grazas.

En canto á transacción, simplemente eu creo que é un voto de confianza, a ver se é certo que conseguimos eliminar as deputacións a base de ter concellos fortes que actúen mancomunadamente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Permítanme hoxe que empece esta intervención cun conto popular que é sobre tres irmáns. E di: «Eran tres irmáns que decidiron saír polo mundo a se gañar a vida e ningún deles sabía falar o castelán, cousa que os traía moi cavilosos, pois tíñalles dito un veciño –que percorrera moitas terras– que para non morrer de fame era preciso saber falar castelán. Cando estaban discorrendo o que habían de facer, chegaron uns casteláns e puxéronse a latricar moi alto, entón matinaron de se ir achegando a eles e escoitalos para aprender. Foi primeiro o máis vello e escoitou que dicían: *nosotros*. O home coidouse sabido dabondo e volveu moi contento onde os seus irmáns e díxolles: “xa sei falar o castelán, oínlles dicir *nosotros*”. En vista do pronto e ben que o seu irmán aprendera, tamén foi alá o segundo que chegou cando un dos casteláns dicía *ahora mismo*, e correndo volveu onde os seus gabándose de que el tamén aprendera o castelán; “xa sei dicir *ahora mismo*” dixo todo fachendoso. O máis cativo, para non ser menos, tamén foi ao pé dos forasteiros, ouvíndolles dicir *está bien*, co que xa se coidou tan sabido como os seus irmáns. Como xa sabían falar o castelán decidiron saír a correr mundo dispostos a se faceren ricos. Mais, cando xa estaban en terras de Castela, toparon un día no camiño cun home morto e, como tiñan bo natural, deulles pena del e collérono para arredalo da estrada. Neste intre chegaron os gardas civís e preguntáronlles: —¿*Quién mató a este hombre?* —*Nosotros* —respondeulle o máis vello dos irmáns para lucir os seus coñecementos de castelán. —¿*Cuándo lo han matado?* —volvieron preguntar os gardas civís, —*ahora mismo* —dixo o segundo para non quedar atrás. —*Entonces, dense ustedes por presos* —dixeron os gardas. —*Está bien* —replicou o máis cativo satisfeito

to de ver o ben que se entendían con aquela xente. Entón os civís prendéronos e leváronos á cadea, onde pagaron coa vida a aldraxe de esquecer a lingua propia pola allea».

Señorías, señora presidenta, este conto popular, rescatao para a nosa memoria por Ben-Cho-Sey, é unha metáfora non só das políticas que practicou o Goberno galego en relación coa nosa lingua, senón tamén unha metáfora da concepción de Galiza e do comportamento do Goberno de Feijóo ao longo destas dúas lexislaturas.

Esta concepción submisiva e servil, renegadora do propio, levou a que suframos con maior gravidade as consecuencias da crise, a que se agudizaran os problemas estruturais que Galiza xa tiña e que segue padecendo. E así os galegos e galegas sufrimos un sexenio negro de recortes, de mentiras, de incremento das desigualdades, tamén na pobreza, señor Feijóo; un sexenio negro onde Galiza viu como se malvendían as caixas, como a mocidade volvía emigrar en masa ou como unha parte moi importante do noso tecido empresarial era desmantelado ou vendido.

O Goberno de Feijóo ten o triste mérito de ser un goberno que malvendeu Galiza e traizoou os nosos intereses como pobo, a empezar polo que máis nos une como galegos e galegas, que é a nosa lingua. Créanme que non podemos imaxinar unha aldraxe maior a este país.

Mais o Goberno, lonxe de recoñecer a realidade, vén aquí sistematicamente gabarse dos seus logros e dos seus éxitos, os éxitos de Feijóo que levan a que Galiza cada vez sexa máis pequena, non en territorio pero si en poboación, en emprego, en riqueza, en vida cultural. Realmente, o PP e Feijóo convertéronse nun goberno minifundista, protagonizando unha política antisocial, sen perspectiva de país nin esperanza de futuro.

Hai que recoñecerlle, en todo caso, a Núñez Feijóo a súa capacidade para o travestismo e o escapismo político. Nestes seis anos nunca recoñeceu un erro, púxose sempre de perfil ante os problemas do país e só se preocupou de como eludir as súas responsabilidades buscando sempre a quen botarlle a culpa.

Fixémonos, se non, en tres asuntos claves que levan centrado unha boa parte do debate dos últimos meses, como son

o hospital de Vigo, o sector lácteo ou a situación de Galiza no panorama enerxético.

O hospital de Vigo é un símbolo da política social de Feijóo; o hospital de Vigo é un gran fiasco e é a segunda gran mentira de Feijóo en materia sanitaria. A primeira mentira foi ás xentes de Lugo: prometeulles hemodinámica 24 horas, radioterapia e medicina nuclear, e aínda seguen agardando.

O hospital de Vigo é unha gran mentira, unha chapuza multimillonaria e unha herdanza envelenada que hipoteca a sanidade durante 30 anos e converte nun negocio o dereito á saúde.

Mais nós temos que dicirlle ao señor Feijóo —aínda que non interese moito o debate— que o hospital de Vigo non remata co cese forzado de Rocío Mosquera: a conselleira tivo responsabilidade por un traslado temerario inseguro e desastroso, pero todo o escándalo que rodea o Álvaro Cunqueiro ten unha dimensión maior, e o propio Feijóo debe dar a cara ante o fiasco do seu proxecto estrela para a sanidade galega.

Nós, igual que moitas persoas de Vigo e desa comarca, queremos saber por que, se este hospital pola vía pública custaba 450 millóns de euros, pola súa privatización imos pagar 1.400 millóns; queremos saber se realmente é legal a fórmula que se usou para a contratación; queremos saber por que o Sergas permitiu os recortes que estaban asinados nese contrato —recortes como reducir a 850 as 1.450 camas previstas—, por que se reduciron os quirófanos, por que se eliminaron máis da metade das camas previstas en urxencias; por que se eliminou o hotel de pacientes, o equipamento, o laboratorio, as prazas de aparcamento.

Todos estes recortes fixéronse sen ningún tipo de recortes logo no canon que vai ter que pagar a empresa. Está claro que é un regalo moi importante para a concesionaria, que abarata a construción, mentres imos seguir pagando como se todas estas cousas se fixeran.

Como xa se viu no traslado, estes recortes e a baixa calidade construtiva poñen en risco a seguridade de pacientes e traballadores, e están provocando xa graves problemas estruturais.

Mais, señorías, non rematan aquí os escándalos porque —preguntámonos—, se o contrato establecía que o risco finan-

ceiro era da empresa, ¿por que ao final este hospital, nunha parte moi relevante, vai ser cuberto cun crédito do Banco Europeo de Investimentos –que non presta a empresas privadas– ou con recursos do ICO ou do FROB? É dicir, que unha maior parte dos recursos que se destinan a este hospital ao final proveñen de fondos públicos e non de fondos privados. ¿Por que se nos dicía que non había cartos para construír un hospital público e agora resulta que hai cartos públicos para financiar un hospital privatizado? Realmente isto é un auténtico escándalo. E nós cremos que o gran responsable da estafa do hospital de Vigo é o señor Feijóo, que debe dar a cara.

Por iso pedimos, nestas propostas de resolución, tres cousas moi claras: primeiro, comisión de investigación parlamentaria, transparencia e verdade –¿por que nos negan unha comisión de investigación?–; queremos tamén saber, e que se inventaríen, todas as deficiencias que neste momento ten o hospital, e garantías de que se van cubrir a cargo da empresa, e non con recursos públicos; e, finalmente, parécenos importante que se reverta un proceso privatizador que ten graves consecuencias para a sanidade e porque nós defendemos, desde o BNG, que a sanidade pública de Vigo non pode estar secuestrada por dúas empresas. *(Aplausos.)*

Outro asunto que para nós é clave para o futuro de Galiza é o sector lácteo, onde claramente o Goberno de Feijóo fixo deixación de funcións. Galiza é a principal produtora de leite do Estado, mais estamos desaparecidos no debate lácteo –como non sexa para dicir amén a todo o que di o ministerio–.

O Goberno galego renunciou a liderar unha política que defendera os intereses dos gandeiros e das gandeiras galegas. Un sector que vén sufrindo unha crise longa, unha crise prolongada. Sabíase desde hai moito tempo que as cotas ían desaparecer e, neste tempo, ¿que fixo o Goberno galego para axudar ao sector lácteo?, pois o que fixo foi desfacer a Mesa do Leite, desfixo tamén o Observatorio do Leite, desfixo os contratos homologados galegos, desfixo a lei do banco de terras. En definitiva, o Goberno galego non fixo nada para axudar ao sector, o único que fixo foi desfacer.

E así chegamos a unha situación con centos e centos de gandeiros e gandeiras deste país que, durante meses, tiveron que traballar vendendo a perdas, puxeron a xente nunha

situación límite e logo só lles quedou o recurso democrático e lexítimo de tomar as rúas e protestar.

Mais nese momento, ¿cal foi a preocupación do Goberno galego?, ¿cal foi a preocupación de Feijóo? Desde logo, non escoitar o que pedían nin poñerse do lado dos gandeiros e das gandeiras; a preocupación de Feijóo e do PP foi dividir o sector e foi obrígalos a que aceptaran submisamente o que dicía o Goberno de Madrid.

Consecuencias desta política: un acordo de Madrid do 23 de setembro –que é un auténtico fiasco– onde se incumpren todos os compromisos que se lle dixeran ao sector gandeiro e unha orde de axuda do ministerio que é unha nova aldraxe de España a Galiza, para ter dereito a esas axudas de 300 euros os gandeiros galegos e galegas teñen que cobrar a menos de 24,5 –en Andalucía, a 35,1–. Unha auténtica discriminación co escándalo de que a Xunta xustifica esta medida.

Nós hoxe solicitamos dúas cuestións fundamentais: primeira, remuneración xusta polo leite para que se cubran os custos de produción, e rematar coa discriminación e vergoña dese real decreto que discrimina as nosas explotacións galegas; e, tamén, reorientar a actitude do Goberno galego en relación co lácteo coa finalidade de que lidere as decisións a respecto do sector tanto en Galiza como no Estado.

É necesario que se constituía xa unha comisión de seguimento dos acordos que non só faga seguimento senón tamén propostas que beneficien o noso sector lácteo.

E, finalmente, o último dos tres piares que demostran o cara que nos sae a submisión do Goberno Feijóo é todo o que ten que ver coa política enerxética. Temos falado moito sobre os graves erros que nesta materia se cometeron, sobre responsabilidade por botar abaixo un concurso que era legal, un concurso transparente, un concurso que ía permitir que, por primeira vez, os galegos e galegas participáramos dos beneficios da produción eólica, mais hoxe tamén queremos falar do absurdo que supón que no Estado español se penalice o autoconsumo, que se estea impoñendo un imposto ao sol; un imposto ao sol que, todo hai que dicilo, só se entende por un goberno servil aos intereses das eléctricas. Mais chámanos moito a atención que neste imposto ao sol, no decreto que o regula, se exclúen as Baleares e as Canarias, e

faise porque o autoconsumo reduce os custos de sistema e estas zonas teñen moita dispersión xeográfica.

Quero que quede moi claro: nós defendemos a eliminación deste imposto, a eliminación destes atrancos e penalizacións, mais chámamos moito a atención que nin tan sequera foran capaces de conseguir esa mesma excepcionalidade para Galiza, porque nós temos unhas condicións en canto a dispersión xeográfica moi parecidas ás Canarias ou ás Baleares. Non sei se é que non estaban ao tanto do que estaba pasando ou, simplemente, máis unha vez, non lles importa en absoluto nada das consecuencias do que pasa neste país.

Temos que dicir tamén, falando do enerxético desde o BNG, que nós defendemos un cambio de modelo, un cambio no que cremos que hai que mudar ese consumo enerxético excesivo que temos neste momento, mais tamén un cambio no que consideramos fundamental: frear o espolio enerxético de Galiza.

Por iso volvemos traer o debate sobre unha tarifa eléctrica galega. Nós xa sabemos que ao PP o único que lle preocupa é seguir engordando os beneficios das eléctricas, mais ao BNG o que lle preocupa é que os galegos e as galegas nos beneficiemos da capacidade para producir electricidade, aínda que iso supoña –e a vostedes lles custe– recortarlle beneficios a Fenosa ou a Endesa. E queremos dicir que defender isto non ten nada que ver coa autarquía, como insinuou o portavoz do Grupo Popular, hoxe ausente tamén neste debate; ten que ver coa xustiza social e co dereito a que o conxunto de Galiza se beneficie do seus recursos. Como dirían en Portugal: *não é autarquia, é democracia*, señoras e señores, algo que a nós nos parece que é moi importante neste momento.

Galiza ten retos relevantes para o seu futuro e non podemos permitirnollos o luxo de perder os nosos sectores produtivos, a capacidade que temos para producir e xerar emprego neste ámbito.

Está claro que o sector lácteo, gandeiro, pesqueiro ou naval teñen problemas específicos, mais tamén teñen problemas comúns: unha discriminación histórica que nos condena a non producir ou a que a nosa riqueza non redunde no desenvolvemento colectivo.

Un deseño que non compartimos desde o BNG, e que por iso defendemos ferramentas, capacidade de decisión para afrontar os retos que Galiza ten por diante. Defendemos medidas de futuro que nos permitan decidir sobre os nosos portos, sobre as cotas de pesca, para defender o noso marisqueo, defender tamén os que traballaron duramente e agora se lles nega o dereito a recibir unha pensión pola que cotizaron en Noruega; ou os nosos emigrantes retornados, a quen o Goberno do estado segue maltratando e agardan do Goberno do PP algo máis que bonitas palabras ou mentiras. Son, para nós, cuestións básicas se queremos ter futuro e non seguir sendo unha Galiza minguante.

Cremos que o plan de emprego que precisa Galiza non consiste en seguir subvencionando con cartos públicos a precariedade; o plan de emprego que Galiza precisa é apostar por producir, por diversificar a nosa economía, pola I+D+i –por certo, algo no que vostedes, erráticamente, veñen recortando sistematicamente–; e nas nosas propostas de resolución propoñemos unha lei para apoiar a ciencia e a investigación, que inclúa o compromiso de investir o 3 % do produto interior bruto en I+D+i nos oito seguintes anos. Neste deseño de futuro tamén apostamos por apoiar decididamente o sector naval, un sector esgotado, cansado de mentiras e de falsas promesas que logo nunca se materializan.

Por iso propoñemos nas nosas propostas: plan de modernización que garanta a incorporación á construción civil dos estaleiros da ría de Ferrol, dique flotante, complexo integral do naval na ría de Ferrol, ou –o que tantas veces prometeu o señor Feijóo e agora esqueceu– o centro de reparacións navais.

Señorías, desde o BNG tampouco podemos aceptar un modelo social e económico que reduce Galiza a ser un país *low cost*, un país con baixos salarios, cunha fenda salarial crecente entre mulleres e homes, cunha mocidade formada e altamente capacitada á que se condena a emigrar.

Por certo, emigración: un grave problema que ten graves consecuencias para Galiza, e que agardamos que hoxe a portavoz do PP non faga o ridículo do señor Feijóo de negar a súa existencia e a súa incidencia no noso país. (*Aplausos.*)

Temos claro, desde o BNG, que a crise foi moi profunda, que na Galiza agudizou vellos problemas, e que moitas

familias seguen estando en crise, que o país segue estando en crise, por iso apostamos por un novo marco onde Galiza teña algo que dicir por si mesma.

A receita do PP é non facer nada, obedecer submisamente, mais nós cremos e defendemos que a esperanza de Galiza reside en rachar co centralismo e a submisión.

Señorías, queremos capacidade de decisión para ter unha banca pública galega, para ter un modelo de financiamento que nos dea capacidade plena, para ter unha fiscalidade xusta e non propostas regresivas como as que trouxo a este debate o señor Feijóo.

Queremos defender o ensino, que se recupere o profesorado perdido, que se aposte por unha educación inclusiva e pola gratuidade do ensino; defender a vivenda, defender a xente que está desafiuzada. Queremos que se rescaten para a xestión pública servizos privatizados. Queremos que realmente se loite contra a corrupción, contra a pobreza, que se defendan os dereitos sociais e laborais de todos os traballadores e traballadoras; que se saneen as rías, que se evite que Ence siga hipotecando o futuro de Pontevedra; ou tamén responder á chamada das vítimas de Angrois, que piden unha comisión de investigación porque a xustiza só se pode construír desde a verdade.

Propostas para darlle algún sentido á maior oda ao despilfarro do PP, esa Cidade da Cultura, naufragada e fracasada, e na que nós dicimos que, polo menos, un dos edificios albergue unha pinacoteca galega onde ver as obras dos nosos artistas plásticos.

E remato, señorías, nomeando a catro mulleres: María Isabel, Beatriz, Divina e Silvina; noméolas porque o silencio fainos cómplices da violencia machista, unha violencia que entre 2007 e 2015 provocou que máis de un millón de mulleres en todo o estado español presentaran unha denuncia por violencia de xénero; neste mesmo período foron 750 as mulleres asasinadas.

Sabemos que as palabras non son neutras, que teñen implicacións políticas, sociais e culturais. Por iso, volvemos propoñer un cambio, para que se incorpore a palabra *feminicidio* ao noso corpus legal, unha nova categoría lexislativa, lingüística e xurídica que debe de ser a base para que, tanto

en Galiza como no Estado, se elabore un estatuto das vítimas do feminicidio que cubra os problemas actuais.

Nós, señorías, recoñecemos os pasos dados nesta materia, mais non temos medo de sinalar as eivas e, tampouco, de nomear as cousas polo seu nome. Incorporar o termo *feminicidio* é apostar por un corpus legal que sexa máis eficaz á hora de garantir un dereito humano fundamental: o dereito de todas as mulleres a vivir sen violencia e en igualdade, o dereito a ser socialmente iguais, humanamente diferentes e totalmente libres.

Señorías, sintetizamos deste xeito corenta propostas coas que o BNG...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...-remato- ...ofrece alternativa –que non alternancia– a un goberno en declive e decadencia, unha alternativa que ten como cerne a unión na defensa dos intereses de Galiza, unión contra un Goberno decadente, unión en defensa da liberdade e a democracia, a unión de galegos e galegas que queren dignidade porque se senten parte dun pobo que non acepta a maleta como futuro nin a irrelevancia como destino.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Bos días a todos e a todas.

Un exemplo digno da presenza e do interese do presidente da Cámara neste importante debate.

A pesar diso, a Alternativa Galega de Esquerda vai facer o que ten que facer, e o primeiro que queremos dicirlle ao presidente ausente é que, como n' *O gran Gatsby*, a súa festa remata, señor presidente. Como n' *O gran Gatsby* a súa festa, que algúns autores –o profesor Monereo, por exemplo– denominan “trama”, tamén remata.

E vou definir o que este autor entende por trama: entende por trama ese mecanismo único que organiza unha matriz de poder entre o capitalismo monopolista financeiro, os poderes mediáticos e unha casta bipartidista corrupta e dependente do capital. Isto é o que o seu Goberno representa tan ben.

Isto que nós dicimos, que o Goberno, o sistema, é unha forma de corrupción; isto que nós dicimos, que, exactamente, mandan no Goberno da Xunta de Galicia os que non se presentan ás eleccións, mandan os pescanovas –os amigos do señor Feijoo–, mandan os banescos, mandan os José Luís Méndez, os gayosos; mandan eses que, sen presentarse ás eleccións, están tomando decisións relevantes contra o pobo galego.

E, efectivamente, en política hai que preguntarse quen é o inimigo; nós podemos afirmar aquí que o inimigo é o Goberno deste país, pero tamén o son os poderes económicos que teñen de aliado o señor Feijóo.

E temos que dicir tamén que escoitamos un discurso, antonte, cos ollos postos noutro país, e nós, a Alternativa Galega de Esquerda, imos falar aquí do país da xente de verdade, desas xentes das que non falou Alberto Núñez Feijóo, e imos facer tamén corenta propostas que axuden a mellorar a situación dramática que vive o noso pobo.

Como, por exemplo, esa muller que se chama Marta, unha traballadora afectada polo ERE de Vodafone; como, por exemplo, ese compañeiro, Eugenio Leira –unha das imaxes que nos vai quedar desta lexislatura–, cando vostedes botaron as persoas que reivindicaban un fármaco para evitar a morte coa hepatitis C; tamén como Manuel, un bombeiro que sofre as consecuencias das privatizacións dos servizos de emerxencias; ou como, por exemplo, Carlos, que acaba de ser asasinado por perder a súa vivenda; ou, por exemplo, Ana, esa muller que non ten nada que levar á boca, que está en desemprego e que non ten ningún tipo de cobertura social.

As nosas propostas teñen que ver con iso que reclama a rúa, que é pan, traballo e teito. E claro que é posible mudar as políticas se tiveran a decencia de aprobar algo do que propomos dende Alternativa Galega de Esquerda.

E, efectivamente, é a despedida do señor Alberto Núñez Feijóo. A nós, a verdade, non nos interesa se se vai a Madrid

ou a Berlín, o único que nos interesa é que é a fin dun ciclo político, que ese tsunami que abriu as portas a un tempo novo –o 24M– vai dar paso tamén, despois deste debate, a unha nova realidade no noso país. Vai ser a fin da súa festa, vai ser a súa despedida.

E tócanos tamén facer balance, porque vostedes levan gobernando oitenta meses no noso país, toca facer balance. E toca facer balance dicindo que nos atopamos un país moito máis pobre, moito máis desigual, moito máis endebedado, e moito máis precario; e atopámonos cun Goberno sen ideas –na política é vital ter ideas para arranxar os problemas– e, despois de ter escoitado o presidente da Xunta de Galicia, podemos concluír que este Goberno está esgotado, que non ten ideas, que tivo que acudir ao roupeiro de ZP para poñer enriba da mesa dúas medidas, que non só non serven para arranxar os problemas de Galiza, senón que están en contra da vontade do pobo.

Esas dúas medidas que eran, por unha banda, o chamado “cheque bebé” –a razón de 100 euros ao mes para as nais e os pais– e esoutra medida irresponsable como é baixar impostos no noso país.

A Alternativa Galega de Esquerda escoita a xente que sabe destas cousas, e recollemos nas nosas propostas o que acaba de indicar, unha vez máis, o sindicato Gestha, que di claramente que o Goberno galego está actuando con auténtica irresponsabilidade, que nos di que o Goberno galego o que ten que facer é crear escolas infantís, é crear residencias para persoas maiores; o que non ten que facer o Goberno galego é xusto o que vostedes están a facer.

Pero tamén nos gustaría saber –que nolo aclaren cando interveña a voceira do Partido Popular– como van facer despois deses dous puntos de baixada do IRPF, ¿que servizos públicos van recortar? Non enganen a poboación: cando baixan dous puntos no IRPF teñen que dicirlle aos galegos e ás galegas que servizos van recortar, ou teñen que dicirnos aos galegos e ás galegas se é que van a incrementar aínda máis a débeda pública neste país.

O presidente ausente é o presidente máis caro da historia do noso país, o presidente dos 10.000 millóns de euros. Deixen de mentir unha vez máis respecto da débeda pública. Cando vostedes chegaron –datos oficiais–, 3.954 millóns de

euros; 2015, 10.210 e subindo. Non son un Goberno solven- te, son un Goberno dilapidador e que atenta contra os inte- reses dos nosos pobos.

E tamén teríamos que dicir algunha cousa máis, deixen de enganar a xente, porque as súas premisas son falsas.

A Comisión Europea acaba de dicirlle ao Partido Popu- lar que o vindeiro Goberno ten que recortar 10.000 millóns de euros. Iso, señores e señoras do Partido Popular, tamén vai ter realidade no noso país, tamén teremos que adecuar os nosos orzamentos a esa realidade.

Pero teñen, ademais, outra premisa falsa, e é que teñen a cantinela –o señor Puy, ausente, e o señor presidente da Xunta, ausente– de que van incrementar, polo teito de gasto, 400 millóns dirixidos a gasto social. Menten, menten e men- ten. Como xa lles dixemos, só o poderán incrementar nun 1,5 %, e o resto –doutrina Montoro; vostedes, fervorosos defensores– ten que ir derivado a pagar débeda pública; por tanto, deixen de mentir.

E deixen de mentir tamén con esa cantinela de que 8 de cada 10 euros van adicados a gasto social; menten, menten e menten. O 44 % do recorte orzamentario dende que gobernan –¡oh, casualidade!– é xustamente en materia social, nada máis e nada menos. Fíxense, en sanidade recortaron o 21 %, 373,9 millóns de euros; en educación, o 26 %, 356,2 millóns de euros; en promoción de emprego –iso que lle preocupa tanto á ex conselleira ausente, á das *paguitas*–, nada máis e nada menos que o 51 %; e en vivenda exactamente recorta- ron o 75 %, 166,6 millóns de euros. Por tanto, non é crible que vaian dirixir 8 de cada 10 euros ao gasto social. E, como dicía Goebbels –e xa o dixo o meu compañeiro Beiras–, por moito que repitan unha mentira mil veces non se vai conver- ter en realidade.

E falando deste último, de vivenda, pois imos falar de vivenda. Miren, tiveron anuncios, tiveron plans –Plan Reha- Vita, Plan Reconduce–, 500 vivendas que ían ofertar aos galegos e galegas con necesidades; e temos xa o balance: lamentable, ¡la-men-ta-ble! Pero temos, ademais, convenios cos colexios de avogados, todo un auténtico fracaso. E temos ademais, señores e señoras do Partido Popular, demandantes rexistrados das vivendas da estafa da Sareb, 13.615 persoas. *Rien de rien*, diso vostedes non saben nada.

E temos ademais que vostedes, despois de que gañaran as eleccións as malditas Marelas o 28 de agosto deste ano –levan sete anos gobernando–, se deron conta de que había que facer un bono de alugueiro social. Hete aquí, a conse- lleira publica unha nova orde. Señora conselleira, esa orde xa nace morta, os requisitos que vostedes incorporan a esa norma nacen mortos; vai ser un exercicio máis fallido. Pri- meiro, gustaríanos saber cal é a consignación orzamentaria, porque di a norma que van poder axudar esas persoas no alu- gueiro social ata o crédito do que dispoñan. De verdade que miramos, e non hai crédito de ningún tipo.

Pero, en segundo lugar, señora conselleira, as condicións que vostedes exixen nesa norma son imposibles para as per- soas que están en exclusión social; esas persoas que cando van pedir que se lles aboe o alugueiro social é porque non teñen para darlles de comer aos seus fillos. Este é o país real, ese que a bruma de Montepío non impide ver. Por tanto, xa lle anticipo que esa norma vai ser unha norma fallida.

Por tanto, voten a proposta de resolución número 5 da Alternativa Galega de Esquerda, practiquen política de vivenda de verdade, garantan a vivenda como un dereito fundamental, fagan o favor. Ou, se non, explíquenlos des- pois cales son as razóns que impiden, con ese compromiso social tan forte, que voten a favor da mesma.

Pero, mire, hai unha insistencia por parte deste goberno –que eu creo que xa é fallido tamén; non se atreven nin a dicilo, pero eu creo que gañou esa batalla a oposición– en intentar dicirnos que Galicia vai moito mellor que o Estado; mesmo o señor Puy acudiu o outro día a esta realidade. E nós dicimos aquí con datos que iso é falso, que ese é o desastre da súa xestión e que non soamente non imos mellor que o Estado senón que Galicia vai bastante peor que as medias estatais. E ten que explicar aquí nesta Cámara, no debate de política xeral, cales son as razóns que motivan que vaíamos tan mal. E vou dar datos. O señor Puy dicía unha verdade a medias, dicía: Galicia crece a un 1,8 %. Si, si, señor Puy, é certo. Pero o que non dixo o señor Puy é que, efectivamen- te, o Estado está crescendo ao 3,8 %. E a pregunta que Alter- nativa Galega de Esquerda fai é: señor Puy, señor presiden- te ausente, ¿por que o diferencial negativo de crecemento da economía no noso país? ¿Que están a facer mal neste país se, segundo vostedes, son *la crema de la crema*; son los que arrasan, son o exemplo do Partido Popular? Pois non, señor

Puy –xa que chega–, explíquenos por que o diferencial negativo é para a Xunta de Galicia. ¿Por que imos moito peor que as medias estatais?

Pero tamén explíquenos, por exemplo, por que somos gañadores na destrución de emprego e de postos de traballo. Fíxese, dende o ano 2009 Galicia destruíu a un ritmo do 15,6 %, o Estado, ao 9,4 %; en emprego industrial, Galicia, ao 27,5 %; o Estado, ao 16,1 %. ¿Cales son as razóns que motivan que vaíamos a un maior ritmo de destrución de emprego que o resto da media? ¿Por que? ¿Que facemos mal? Non nos comparamos con Euskadi, comparámonos cos datos que publican os ministerios que están rexentados por xente do Partido Popular. ¿Que están a facer mal? Isto é do que tiñan que vir falar aquí. Explíquenos estes datos.

Pero, miren, persoas desempregadas, 2009-2015. O crecemento de persoas desempregadas dende que gobernan na media galega é do 71 %, na media do Estado, do 31 %; seguimos con datos –non xoguen cos datos da EPA–, 252.500 persoas. E non sigan mentindo coas afiliacións á Seguridade Social porque temos 97.000 persoas menos na Seguridade Social que dende que chegaron vostedes.

E tamén falou o presidente de parados de longa duración. Voten a proposta de resolución da Alternativa Galega de Esquerda para falar en serio. Temos o dato dos parados de longa duración. ¿Saben exactamente o que creceron eses parados, esas persoas, dende que gobernan? O 500 %. Cando chegaron, había 22.100 en Galicia, hoxe temos 111.900; son persoas de carne e óso, son seres humanos; non sei se o saben, teñen dereito á vida, viven, son reais e estiveron ausentes no discurso do señor Feijóo.

Ou, por exemplo, atendan o CES, que é curioso, un organismo que pagan os galegos e as galegas. Pois aquí nin unha mención. O CES, que é un organismo revolucionario, di no seu informe que hai 177.000 persoas que non teñen protección social. Bueno, pois atendan ao que di o CES, que non é un organismo que estea rexentado polos malignos de Alternativa Galega de Esquerda. Voten as nosas propostas de resolución se queren mellorar a vida da nosa xente.

Pero, miren, imos falar de salarios –datos públicos tamén–: ¡lamentable! 77.000 persoas neste país que se chama Galicia viven con 410 euros brutos ao mes e 145.000

persoas asalariadas que se incorporan a un posto de traballo e que son pobres, que teñen que ir a Cáritas para darlles de comer aos seus fillos e ás súas fillas. Este é o país que non se ve –insisto– dende Montepío. Ou, por exemplo, por decís, as diferenzas salariais. ¿Saben canto é a perda de poder adquisitivo do primeiro decil, é dicir, desas persoas que gañan 410 euros brutos ao mes? ¿Saben de canto foi? Pois a perda adquisitiva foi dun 25 %. ¿Saben canto foi no último decil, dos que superan os 4.500 euros? ¿Cal foi a perda adquisitiva? Do 1 %. Este é o modelo social do Partido Popular. Voten a proposta de resolución que fixo Alternativa Galega en torno aos salarios.

E hai dúas cuestións: sectores estratéxicos deste país, sector naval. Señor presidente ausente, ter a desvergoña de dicir aquí que estabamos case nunha situación óptima exixiría a súa rectificación inmediata. O que teñen que explicar nesta Cámara é por que mentiron, mentiron e mentiron aos galegos e galegas e, particularmente, á comarca de Ferrolterra, porque saben que non temos nin dique flotante nin carga de traballo nin plan industrial; e nin sequera teñen a decencia de recibir os comités de empresa desa comarca. ¿Que dicir de Alcoa? Voten as nosas iniciativas, a do sector naval e a de Alcoa. Os traballadores de Alcoa –600 traballadores, e o señor Negreira, que tanto os defendía– están esperando a ver qué premien vostedes aquí nesta Cámara nas propostas de resolución.

E imos falar de dependencia –¡ai, o maldito Bipartito!–: informe público. Claro, efectivamente, increméntase do 24 % ao 41 %. Miren, os datos falsos da ex conselleira das paguitas: pois no 2014 vostedes crearon exactamente 46 prazas, e crearon 306 –datos públicos– en centros de día; e temos pendentes, na lista de espera, 27.220 galegos e galegas. Deixen de tomarnos o pelo, póñanse a traballar e voten a proposta de resolución 23 da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectivamente, a sanidade. O retrato do mal facer do seu goberno é xustamente a xestión en sanidade. Hai un transvasamento de 1.624 euros dos recursos públicos á sanidade privada. Voten a iniciativa de AGE, rescaten o hospital de Vigo; señor conselleiro, fagan algo con decencia, eviten o mal maior. ¿Por que? Porque é un hospital sen laboratorio central, deficiente, mal deseñado, un hospital sen esterilización. Pero temos tamén unha consellería –como coñecerá–

que ten todo absolutamente privatizado. Voten as nosas propostas de resolución. Temos privatizada a alta tecnoloxía sanitaria. Nun país normal iso non acontece a razón de 88 millóns de euros. Teñen privatizada a esterilización, teñen privatizados os institutos oncolóxicos, teñen privatizado o banco de sangue, teñen privatizado o banco de tecidos; teñen un gran negocio con vínculos de amigos do Partido Popular na sanidade pública. Garantan que a sanidade sexa un dereito no noso país e voten as nosas iniciativas.

Despediron, destruíron 2.000 postos de traballo na sanidade pública, destruíron máis de 5.000 traballadores e traballadoras públicas na nosa Administración pública. Voten a nosa iniciativa, a 39, na que se Galicia vai tan ben e imos sobradísimos, efectivamente, derroguen a Lei 1/2012, do 29 de febreiro, que é un ataque masivo contra os traballadores e traballadoras públicas. E fagan o favor tamén nesa resolución de deixar xa dunha vez por todas gardado na gabela a suspensión do artigo 19 do V Convenio colectivo das traballadoras que afecta sobre todo o benestar –a señora Rodríguez despois diranos que *va estupendo, que va todo genial...*–; as traballadoras ás que non se lles garante o dereito a descanso. Paseen polas residencias deste país e deixen xa de facer e de torturar os traballadores e traballadoras públicas.

E imos falar tamén de educación –o marchamo da educación–, que tanto preocupa o Partido Popular e o presidente ausente: 1.250 traballadores e traballadoras menos. Semeilla que non son relevantes; total, para unha cousa tan sen importancia como é a educación, pois, sen problema; 532 aulas suprimidas...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...107 escolas pechadas; e, como saben –e xa dixen–, un 21 % de redución orzamentaria.

Señores e señoras do Partido Popular, se tiveran decencia, farían o que Alternativa Galega pide na súa primeira resolución, que é recoñecer que están mortos, que están esgotados, que non teñen ideas. Disolvan a Cámara e convoquen eleccións, iso é o que vostedes deberían de facer.

E, en nome da Alternativa Galega de Esquerda, rematamos recoñecendo o pulso, as capacidades deste pobo, deste

país e desta nación. Dicimos que recollemos o facho das mareas e dicimos –como dicía naqueles versos, naquela carta, Celso Emilio Ferreiro– que erguemos a testa, collemos a fouce e, amigos e amigas desta bancada –non desa–, sen lugar a dúbidas, mataremos o lobo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Díaz.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente. Bos días, señoras e señores deputados; señoras e señores membros do Goberno.

Señora portavoz do Grupo Popular, dígalle vostede da miña parte ao señor Feijóo que a súa análise sobre a situación que atravesamos o noso país quedou desacreditada co balance que fixemos. Dígalle tamén que sobre a súa arrogancia se impón unha realidade descrita con datos que non admiten discusión. Afortunadamente, os galegos e as galegas xa tomaron a determinación de pórllles freo aos seus delirios de estadista. Fixérono, en primeiro lugar, en maio deste ano, estamos seguros de que o farán no Nadal e de que será o preludio da súa caída no ano 2016.

As mulleres e homes socialistas estamos dispostos a liderar ese desexo de cambio cando chegue o momento. Porén, a situación agónica na que vive o noso país non admite retrasos e temos a obriga de instalar –ao señor presidente, e a vostede– a que no tempo que lle queda á fronte do Goberno tome medidas para evitar a descomposición do país.

Señor presidente ausente, vostede deixa unha Galicia con menos galegos e galegas, con máis paro, máis empobrecida, máis desigual e máis endebedada que cando chegou ao Goberno. Hoxe mesmo os xornais recollen o incremento en máis de dous puntos da pobreza severa dende que o señor Feijóo é presidente.

Señor presidente ausente, vostede, dende que chegou, tardou demasiado tempo en xustificarse e optou por esconderse tras a herdanza recibida e tras a crise económica para desfacer o que estaba feito e para cambiar o modelo de sociedade. O seu balance presenta a día de hoxe un resultado catastrófico que custará moito superar, cunha sociedade

con menos dereitos. Pasamos, no seu modelo, de dereitos a caridade; de inclusión a beneficencia. E a choiva de medidas, señor presidente, anunciadas no debate antonte e desmentidas onte nas propostas de resolución –cheques, axudas, bonos, etc.– o que nos anuncia é electoralismo que substitúe os dereitos. Señor Feijoo, vostede vai pasar á historia como o primeiro presidente dunha nacionalidade histórica que renunciou a ter un proxecto político para o seu país. (*Aplausos.*) Carece vostede dunha folla de ruta para desenvolver politicamente a nosa realidade diferenciada dentro dunha España máis plural e máis aberta. Renunciou a exercer o autogoberno e a reclamar o respecto polas nosas competencias, renunciou a reclamar aquelas que aínda non temos transferidas, renunciou a defender a Galicia para buscar a simpatía e o aplauso do seu partido en Madrid.

Os socialistas queremos máis e mellor autonomía, queremos un financiamento xusto, queremos un novo modelo de financiamento autonómico, participar na política fiscal e afondar nas competencias da autonomía tributaria da Comunidade Autónoma. Debe vostede poñer en marcha unha auténtica política de loita contra a desigualdade, promovendo o aumento dos ingresos derivado dun novo modelo de financiamento, da loita contra a fraude fiscal e da creación da nova imposición dentro da autonomía financeira da Comunidade Autónoma.

Aproveitar ben os recursos existentes é unha obriga sempre, e máis en tempos de escaseza e de profunda desigualdade. É indecente a escasa execución orzamentaria do seu goberno. Cremos que hai que garantir a execución, e en especial dos gastos relacionados co investimento, para axudar a reactivar a economía.

Galicia desángrase. De maneira inmediata hai que deter a sangría e o éxodo de galegos e galegas. Consideramos que é imprescindible dotar o Plan de dinamización demográfica de medidas, orzamentos e obxectivos avaliábeis, priorizando a creación de emprego feminino e da xente nova, orzando servizos públicos para conciliar a vida laboral e familiar, sobre todo no rural. Máis recursos económicos para incrementar a taxa de ocupación feminina é a mellor receita contra a sangría demográfica.

Cómpre loitar contra a cronificación do desemprego e a perda das persoas máis cualificadas. Señor Feijóo, non con-

siste en que o conselleiro Conde saque unha foto cun investigador fichado coma se fose unha estrela deportiva; o que hai que facer é traballar para facer posible o retorno do persoal investigador. Deben vostedes voltar ao esforzo investigador que se facía no ano 2009, cando había menos persoas desempregadas que agora, e acordar coas demais administracións, en especial coa Administración local e cos axentes económicos e sociais, unha estratexia de loita contra o desemprego que reforce o servizo público de emprego e que priorice as persoas paradas de longa duración e os colectivos de difícil inserción.

Fai falla vontade política, señor presidente; o demais está todo escrito. Todos sabemos que se debe formar aproveitando os tempos de desemprego, que unha das primeiras medidas a adoptar é manter o emprego que xa hai e estabilizalo, que é necesario vincular todos os estímulo e incentivos que existan a unha taxa de estabilidade debido á caída da contratación indefinida, que o modelo de salario de inserción funcionaba e que, polo tanto, hai que recuperalo, e que os pactos territoriais de emprego eran unha boa ferramenta para traballar coas administracións locais en, por exemplo, a contratación de persoas paradas de longa duración para rehabilitar espazos urbanos, para manter infraestruturas, etc.

A xente moza, a máis cualificada, a que se foi, hai que atraela de novo a Galicia, pero non para ofrecerlles contratos de miseria e traballos por debaixo da súa cualificación, senón para que protagonicen o cambio de modelo produtivo, acompañando o resto da sociedade a un futuro mellor.

Empece por crear, xunto coas universidades galegas, un observatorio de xoves e de emigración, que avalíe os fluxos migratorios e que traballe en dúas direccións: por unha banda, para que os países que os acolleron lles garantan os seus dereitos e, pola outra, para traelos de novo a Galicia.

Señor presidente, detrás de todos os seus plantexamentos, latexa a improvisación e os golpes de efecto. De súpeto, decidiu vostede que a política social debe converterse nunha prioridade, e para remendar a ausencia de calquera plan de loita contra a desigualdade e a exclusión, fichou o ex alcalde de Ferrol.

Señor presidente, os seus discursos provocan o *horror vacui* e están cheos de lugares comúns, tamén os dos seus

conselleiros, que repiten mantras artificiais. Debe entender que a igualdade é o eixo vertebrador de calquera nación moderna. Canta máis cohesión social teñamos, canto máis traballemos en prol da igualdade, máis fortes seremos como país. *(Aplausos.)*

Déalle a volta, señor Feijóo, pense que vostede tamén é un cidadán, igual cós demais, e entre almorzo e “almuerzo” céntrese no país e no goberno que preside.

Consideramos que é necesario estender as prestacións da renda de inclusión a todas as persoas que non teñen ningún tipo de ingresos, eliminando as trabas burocráticas impostas para favorecer o desestímulo e axilizando os prazos para cumprir coa normativa vixente.

Os seus incumprimentos son escandalosos: as persoas con dereito á Risga, agardando entre seis e oito meses; as persoas co dereito recoñecido á dependencia, morrendo sen chegar a percibir as prestacións; a lista de espera da dependencia, das máis altas do Estado; os brutais copagos que vostedes aplican están facendo que as persoas se vaian dos centros de día e das residencias por non poder pagar.

Vostede atreveuse a facer o que ningún fixo. Hai pouco tempo presenciámos unha felonía: puxo en marcha un hospital en Vigo, privado, para facer máis ricos os seus amigos, e aínda por riba con deficiencias visibles. Todos os medios de comunicación, sen excepción, todos, reproduciron instantáneas de chapuzas, da hecatombe. Non hai precedente na historia sanitaria de Galicia. Hai que recuperar a sanidade pública. Instámolo a garantir a universalidade da atención sanitaria, *(Aplausos.)* a garantir a calidade e a sostibilidade do sistema sanitario público galego, repondo o orzamento sanitario e comprometendo a porcentaxe do PIB ata acadar o nivel dos países do noso entorno. Paralice de forma inmediata todas as privatizacións previstas e comece a reverter as que xa fixo. Empece, señor presidente, polo hospital novo privado de Vigo. *(Aplausos.)*

Os socialistas concedemos unha importancia capital á educación. Para nós é a base sobre a que debe descansar o crecemento da Galicia do futuro. Defendemos unha escola pública, laica e igualitaria. Non admitimos matices na defensa do compromiso coa educación. Somos radicalmente defensores do ensino público. É un dos nosos sinais de iden-

tidade. Señor Feijóo, deteña as agresións constantes contra o ensino público. Cómpre de maneira inmediata derrogar a LOMCE e voltar a un sistema educativo inclusivo.

Recuperen vostedes as condicións laborais arrebatadas ao profesorado durante a crise, coa excusa da crise; acorden a convocatoria dunha potente oferta de emprego para garantir o dereito á educación. É máis, señor presidente, deixe de empregar aos empregados –valla a redundancia– públicos como mercadoría electoral. Restitúa os dereitos laborais cerceados polo seu goberno e polo Goberno do señor Rajoy durante a crise e repoña as taxas da reposición para todos os empregados públicos: os de educación, os da sanidade, os dos servizos sociais, os da universidade, os investigadores...; para todos os empregados públicos.

Os socialistas estamos moi orgullosos do sistema educativo que construímos, coa axuda da cidadanía, dende o ano 1982. Imos ser inflexibles na súa defensa, porque foi a panca dunha das maiores transformacións modernizadoras do noso país. O próximo presidente do Goberno de España, o señor Pedro Sánchez, xa asumiu publicamente o compromiso de promover a derogación inmediata da LOMCE. *(Murmurios.)*

Señor Feijóo, neste capítulo, no da educación como panca de crecemento, tamén incluímos as universidades. A universidade galega exige maior compromiso, e o compromiso non consiste en que o conselleiro de Educación aquí presente o día previo ao debate do estado da Autonomía, sente cos reitores no Consello Galego de Universidades para intentar aparecer nunha foto benévola para vostede ao día seguinte. O compromiso, señor presidente, consiste en que o novo Plan de financiamento universitario converxa coas medias dos sistemas universitarios da Unión Europea, chegando en 2020 a un nivel de financiamento que represente o 1,5 % do PIB.

Na súa folla de servizos a Galicia, podemos atopar a maior agresión na historia da nosa autonomía ao principal sinal de identidade do pobo galego: a nosa lingua. Pois ben, os socialistas voltamos de novo a instar o seu goberno a promover un verdadeiro consenso político e social en torno á lingua, que nunca debeu romperse, procedendo á derogación do Decreto do plurilingüismo e voltando á elaboración dun novo decreto dentro do Plan de normalización lingüística.

Señor presidente, vostedes, que teñen por costume erguer as bandeiras de todas e de todos contra os que non pensan como vostedes, rescaten a bandeira do idioma. Cumpra con esas citas prestadas dos bos e xenerosos que trufan os seus discursos, e non desprece o noso principal sinal de identidade, que é a lingua propia de Galicia.

Durante o seu mandato os sectores produtivos do país padeceron da súa inacción, da súa discrecionalidade e da súa improvisación. Non existe política industrial, e a súa estratexia de internacionalización deixou de ser un ambicioso programa global para converterse nunha estratexia de promoción persoal.

Non foi capaz vostede nin de aproveitar os recursos económicos que poidan derivar da posta en marcha do Plan de estímulo da economía europea, do Plan Juncker, co que a Galicia lle deberan de corresponder cando menos arredor de 1.500 millóns de euros, que vostede non reclama. Tampouco é vostede capaz de recuperar o papel do Igape nin as liñas de financiamento do Banco Europeo de Investimentos –do BEI– ou de desenvolver unha política turística que promova o incremento, por exemplo, das estancias medias ou de apoiar o comercio para fomentar o emprego e a competitividade.

Cómpre pór en marcha medidas de carácter urxente, como a recuperación e o impulso en materia de I+D+i aos niveis do financiamento público do ano 2009, reclamando tamén a eliminación da taxa de reposición de emprego público, que agora está no 10 %, no sector da I+D+i.

Señor Feijóo, Galicia é unha potencia eléctrica e o único resultado para os petos das galegas e dos galegos é que vendemos luz pero pagamos máis que os demais por esa luz. Debe trasladar ao Goberno de España a posición contraria ás directrices de reforma do sector, demandando que se recuperen as primas ás enerxías renovables, a modificación do procedemento de cálculo do prezo de produción eléctrica para as instalacións de réxime ordinario, unha nova metodoloxía do cálculo dos custos fixos de produción e un regulamento favorable ao autoconsumo de xeración distribuída.

Vostede foi incapaz de aproveitar a macroconsellería de Medio Ambiente que creou, e que agora desmontou a maior gloria da súa frivolidade como gobernante, para empregar a obra pública como motor da economía.

Érgase, señor Feijóo, diante do Goberno central e reclame agora, como facía cando os que estaban no Goberno central si respondían ante Galicia, o remate do AVE, a non supresión das frecuencias do ferrocarril, o investimento tantas veces adiado –ou peor, paralizado–, nas estacións intermodais, nas vías de alta capacidade ou nos portos de interese xeral. *(Aplausos.)*

Aposte por dinamizar o chan industrial, traslade a súa xestión á Consellería de Industria –aproveite agora que está cos cambios cosméticos–, remate co saneamento das rías e dos ríos, que foi incapaz de acometer dende que goberna, para dar resposta á Directiva Marco da Auga e evitar así que deixen de sancionarnos porque vostede non cumpre.

Durante estes últimos meses puidemos ver como as rúas das nosas cidades e vilas se encheron de manifestantes. A pasividade do seu goberno é tan visible que os galegos e galegas conformamos un todo social para reivindicar a defensa do sector lácteo. ¿Cando detectou vostede que o sector lácteo tiña un problema? Cando viu nas rúas as manifestacións e as tractoradas. Ata ese momento vostede e a conselleira negábano. ¿Que fixo vostede, entón? Non perdeu nin un só minuto en intentar resolver o problema. Para vostede o problema non foi antes nin é agora o prezo do leite, para vostede o problema foron e son as mobilizacións e as tractoradas. *(Aplausos.)* Vostede e a conselleira dedicaron os dous últimos meses a intentar disolver as manifestacións.

Señor presidente, é sinxelo: poñan por escrito as obrigas e as sancións para eses acordos voluntarios acadados, porque, se non, é todo papel mollado. Fagan como Francia, impoñan a figura do mediador, copien o bo e inicien dunha vez un plan industrial con recursos orzamentarios para xerar valor engadido, para transformar, para incrementar a base territorial das explotacións e que habilite recursos para evitar que sigan desaparecendo estas e para que os gandeiros galegos teñan cando menos o mesmo nivel de axudas que os demais para evitar a competencia desleal.

Cada ano Galicia padece unha vaga de lumes que nos fai estremecer a todos. Botamos en falla unha auténtica política de prevención que poña freo a esta lacara, e debe basearse, cando menos, en mudar a política forestal, diversificando a produción e aproveitando a potencialidade do monte galego, en primar como primeiros e máis importantes activos de pre-

vención os agricultores e gandeiros, en reestruturar e unificar o servizo de extinción de incendios para que sexa público e profesional e en establecer protecciónes específicas para os espazos naturais protexidos –por vostedes sempre esquecidos–. Pero non está só nas rúas o sector agrario, tamén o sector pesqueiro, señor Feijóo. ¡Que magro balance para vostede!: menos persoas traballando, menos barcos faenando, menos caladoiros nos que pesar e nin un só metro cadrado de instalacións acuícolas construídas dende que vostedes están no Goberno.

As únicas boas noticias do sector pesqueiro son as que nos dá o sector da transformación. Ata se esqueceron de desenvolver o Plan da conserva e do conxelado que lles quedou feito.

Defenda a nosa pesca, señor Feijóo, as súas potencialidades como un sector con probabilidades de crear emprego e riqueza, sobre todo na baixura e no marisqueo. Deixe de intentar tutelalos e promova a posta en valor dos produtos da pesca galega, a súa transformación, o emprego das mulleres, e pelexe en Madrid por conseguir que o reparto de taxa e cota entre comunidades autónomas e frotas non siga discriminando a Galicia, como está facendo neste intre. *(Aplausos.)*

Señor presidente, antes de rematar a miña intervención, quero abordar a situación da metade da poboación –entre a que me encontro–, das mulleres. Acaba de facer vostede unha remodelación de goberno, sacou dúas mulleres de dúas consellerías e puxo dous homes: de once persoas só catro mulleres. Vostede ten un goberno que incumpre a paridade. Nós estamos profundamente convencidos de que o seu primeiro goberno tamén o facía. Vostede persiste e afonda no erro. A súa aposta pola igualdade é a mesma que a diminución dos orzamentos da secretaría xeral que ten para levar a cabo as políticas de igualdade. Vostede négase –vostede e o seu vicepresidente– a recoñecer como vítimas da violencia machista as mulleres ás que os seus compañeiros lles asasinaron os seus fillos, tiveran ou non denunciado. Vostede negouse a prestarlles o seu apoio a milleiros de mozas galegas que perderon o dereito a decidir sobre o seu corpo por culpa dunha reforma inxusta e cruel da Lei de interrupción voluntaria do embarazo. Vostede deu o seu voto favorable aquí a unha lei que recoñece o dereito das persoas LGTBI para agora tela agochada nun caixón sen desenvolver. Fíxoo daquela...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando.

A señora GALLEGO CALVAR: ...para quedar ben, pero a súa ideoloxía reaccionaria voltou ao armario aos que debían desfrutar da visibilización e normalización que establecía a lei.

Señor Feijóo, rectifique, repaña o orzamento en materia de igualdade, traballe coa xustiza, coa fiscalía, cos corpos e forzas de seguridade para paliar a desconexión e descoordinación que aínda existen, eduque en valores, en igualdade, e desenvolva os dereitos.

Os socialistas, señor presidente, cremos que todas estas medidas que veño de enunciar sucintamente deben pórse en marcha de maneira inmediata. Señores do Partido Popular, a gran prioridade de Galicia é recuperar os dereitos, derrotar a desigualdade e construír un novo modelo de crecemento económico, acabar con todos os obstáculos que vostedes foron poñendo para construír á súa medida unha sociedade máis débil e desigual. Traballar por unha sociedade máis xusta, inclusiva, igualitaria, traballar por un país máis libre, máis forte e máis próspero é o noso compromiso. Non adien o cambio polo que traballa a xente...

A señora PRESIDENTA: Grazas. Grazas, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: A determinación do noso pobo non ten retorno e o cambio xa está en camiño.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, señor presidente da Xunta de Galicia, membros do Goberno, abordamos hoxe a segunda parte deste debate do estado da Autonomía; un debate enmarcado claramente por ser o último desta lexislatura e por ser o último tamén antes dunhas eleccións; un debate no que o presidente da Xunta comprometeu medidas para que se trasladen á cidadanía os efectos da recuperación e un

debate no que os grupos da oposición prognosticaron o fin do ciclo Feijóo e o inicio dun novo tempo.

Permítanme recordarlles que non é a primeira vez que os grupos da oposición auguran a fin da era Feijóo e que auguran a fin do Partido Popular. Non hai moito, en marzo de 2012, nun debate do estado da Autonomía –o último debate do estado da Autonomía da anterior lexislatura–, a oposición prognosticaba que os galegos ían asinar o finiquito do presidente Feijóo e que o seu goberno estaba esgotado. Como vostedes saben, erraron nos seus prognósticos, porque sete meses despois os galegos e as galegas decidiron que o Partido Popular ampliara a súa maioría en Galicia. Por iso vostedes erran nos seus prognósticos e erran tamén no balance e na valoración que fan da situación de Galicia. Erran vostedes. *(Aplausos.)*

Neste debate quedaron constatadas dúas cuestións: en primeiro lugar, que temos un goberno renovado, con propostas reais, centradas nun contexto económico distinto, fronte a unha oposición pechada permanentemente por reformas que parece que está máis preocupada pola unidade popular dos seus partidos que pola unidade popular das demandas da cidadanía galega. Por certo, o Partido Socialista acaba de ofrecerse agora para liderar ese gran cambio en Galicia; non sei se é o gran cambio en Galicia ou queren liderar vostedes un gran cambio no seu partido. *(Aplausos.)*

E, miren, vostedes poden vir aquí retorcer as cifras, pero hoxe estamos mellor que hai un ano. Efectivamente... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio. Silencio, señorías.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...señora Gallego, hoxe estamos mellor que hai un ano. Os indicadores económicos coinciden en que a situación económica está evolucionando, en que estamos deixando atrás a crise e en que pouco a pouco se consolida a recuperación. ¿E por que acontece isto? ¿Por que estamos hoxe mellor que o ano pasado? Porque o Goberno galego evitou os problemas derivados do déficit. O Goberno galego controlou a débeda e o Goberno galego mantivo e mellorou os servizos públicos, e vostedes non queren recoñecer este esforzo. Pero, miren, aínda así, nós sabemos que a recuperación e a crise que vivimos duran-

te os últimos anos aínda ten consecuencias moi duras para moitas persoas. Nós sabemos que a recuperación económica que empezamos a ver non se nota aínda en moitos fogares e nós sabemos que é imprescindible seguir ao carón daquelas persoas que seguen desempregadas e que están en risco de exclusión social. Por iso, o Goberno galego leva anos loitando e facendo un gran esforzo por estar ao carón das persoas que máis o necesitan, por loitar contra o desemprego, por loitar contra a pobreza, por loitar contra a desigualdade social e por loitar contra a exclusión.

E, miren, se o queren comprobar, poden comprobalo, pero non con cifras que veñen vostedes aquí relatar, poden comprobalo cun documento, cos orzamentos deste ano da Comunidade Autónoma de Galicia, porque ese compromiso se demostra en cifras, non con palabras; en cifras. Miren, para axudar as persoas que peor o están pasando en Galicia hai unha Estratexia de inclusión social galega, dotada con 521 millóns de euros. Incrementouse o orzamento destinado á Risga, supera xa os 53 millóns de euros, un 130 % máis que o que se destinaba no ano 2009. Ademais, o que pensamos é que o emprego é a mellor fórmula para axudar as persoas que neste momento perciben unha risga. Por iso, destínanse 10 millóns de euros para a contratación de persoas que perciben unha risga. En axudas de emerxencia social, incrementouse tamén un 50 %.

E, se falamos da dependencia, vostedes sábeno e pódeno comprobar: duplicouse o orzamento, preto de 300 millóns de euros. É certo que seguramente sexa necesario que teñamos máis orzamentos para dependencia, pero, miren, vostedes non poden negar que con 300 millóns de euros se está atendendo máis persoas dependentes que con 126 millóns de euros, que era o que dedicaban vostedes, os que teñen por bandeira a defensa das persoas en situación da dependencia. Dedicaban a metade do que se destina neste momento para atender as persoas con dependencia.

E hai máis prazas públicas. ¿Como? En plena crise económica un goberno pode poñer en marcha e á disposición dos galegos e das galegas máis prazas públicas que outros en épocas de bonanza. Porque, miren, son 3.250 novas prazas públicas en residencias, centros de día e centros de Alzheimer, 848 novas prazas para persoas maiores e 3.854 prazas en escolas infantís –novas prazas–. Por certo, señorías, por primeira vez Galicia cumpre a ratio que marca a Unión

Europea en cobertura de prazas de escolas infantís para os nosos nenos e para as nosas nenas.

E queren vostedes falar de pobreza. Dende logo, nós queremos falar de pobreza e tamén queremos falar de pobreza infantil. Pero, señor presidente, voulle deixar un informe da Rede europea de loita contra a pobreza e a exclusión social que acaba de saír onde di que o risco de pobreza en Galicia no ano 2009 era do 20,6 % e no ano 2014, do 15,4 %. E voulle deixar este informe, que tamén di que a taxa de risco de pobreza mantivo en Galicia un suave e continuado descenso que supuxo unha redución na totalidade do período de 5,2 puntos porcentuais, que é a rebaixa máis elevada de todas as comunidades autónomas. Se queren datos fiables, poden consultar o Informe da rede europea de loita contra a pobreza; pódeno consultar. *(Aplausos.)*

Non intenten enganar, a pobreza e a loita contra a pobreza infantil son unha prioridade deste goberno galego. *(Aplausos.)* Púxose en marcha dende Galicia unha estratexia para loitar contra a pobreza, e nomeadamente contra a pobreza infantil, pero o Goberno do Estado tamén puxo en marcha un plan nacional para loitar contra a pobreza: 136.000 millóns de euros –¡136.000 millóns de euros para loitar contra a pobreza!– e un fondo extraordinario de 17 millóns de euros única e exclusivamente para loitar contra a pobreza infantil. E, ademais, a Xunta activou un plan contra a desigualdade económica; un plan que non só chega ás persoas que non teñen ningún ingreso, senón que é un plan para as persoas ás que, aínda tendo ingresos, aínda tendo emprego, lles custa chegar a final de mes; medidas que se van ampliar e que se están aplicando, como a bonificación de medicamentos ou o material de apoio á mobilidade, como axudar ás familias en situación de desafiuzamento, familias que non poden pagar a súa hipoteca, familias que non poden pagar o seu alugueiro, familias que neste momento teñen unha orde de desaloxo e non teñen que abandonar as súas vivendas. E iso foi porque o Goberno da Xunta de Galicia asinou un convenio coas entidades bancarias deste país para que a xente non tivera que abandonar as súas casas cando estaban e tiñan unha orde de desaloxo *(Aplausos.)* Non teñen que abandonar as súas casas, señora Pontón, non teñen que abandonalas. E axudas para material escolar, para nenos e nenas de primaria e secundaria, con 3 millóns de euros. E axudas eléctricas, para todas aquelas familias que teñen dificultades para pagar o seu recibo da luz.

E en relación co emprego, señorías, o paro é o primeiro problema de Galicia para nós, para vostedes e para todo o mundo. E, dende logo, o Plan de emprego xuvenil fixo fronte aos desempregados menores de 30 anos, con 100 millóns de euros, 48.000 mozos e mozas saíron do paro grazas a este plan. Parados de longa duración, a través do Plan Activa, 10 millóns de euros. En formación, 66 millóns de euros; e apoiar aos autónomos, emprendedores e cooperativas, 27 millóns de euros.

E miren, presumen de que son vostedes os que defenden a educación pública e que son vostedes os que defenden a sanidade pública. Parece ser que o Goberno da Xunta e os deputados e deputadas do Partido Popular non a defenden. Ben, inventaron vostedes o ensino concertado. Durante o seu goberno aumentaron os concertos máis que con ningún goberno da historia de Galicia, e o Partido Popular o que está facendo agora é repoñendo o que vostedes lle quitaron á educación: salarios e taxas de reposición. Con vostedes un 10 % de taxa de reposición, e con nós un 100 % de taxa de reposición *(Aplausos.)* ¿Quen defende a educación pública? ¿Quen defende a educación pública en Galicia?

Señorías, temos máis profesores por alumno, somos a comunidade autónoma con máis profesores por alumno. Baixou a taxa de abandono escolar; por favor, compróbeno. No ano 2009, o 25,6 % de taxa de abandono escolar; no ano 2014, un 18,5 % de taxa de abandono escolar. As taxas universitarias levan cinco anos conxeladas. Hai 13.700 prazas máis de comedores escolares para os nosos nenos e para as nosas nenas, e un 85,5 % deses nenos non pagan absolutamente nada polo comedor escolar, ou pagan 1 só euro *(Aplausos.)* ¡1 só euro!

Señorías, a sanidade en Galicia non está secuestrada, a sanidade en Galicia é cen por cento pública. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Os seus profesionais son públicos *(Aplausos.)*, a atención é pública; polo tanto, a sanidade non está secuestrada en Galicia.

Mentres que os galegos valoran positivamente a situación da sanidade pública, un 73,2 % dos galegos –a maioría– valoramos positivamente a sanidade pública, ¿a que se dedican vostedes? A mentirlle á cidadanía e a desprestixiar o noso sistema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Non recordan unha vez máis o que lles dixeron a todos os galegos e a todas as galegas? ¿É que neste momento, señora Gallego, temos que pagar 513 euros cada día que esteamos hospitalizados? ¿Si ou non? (*Murmurios.*) ¿É que neste momento os galegos temos que pagar 206 euros por acudir á consulta dun médico? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Si ou non? Repita.

¿E é certo, señor presidente, é certo, señora Gallego...? (*Murmurios.*) Señor Lomba, ¿é certo que neste momento os acompañantes dos enfermos no hospital de Vigo teñen que pagar unha cadeira para poder durmir cos enfermos? (*Murmurios.*) Mentira, mentira, son cuestións que vostedes aseguraron nesta Cámara e nos medios de comunicación, e o que están facendo é mentindo á cidadanía, e deixando claro cal é a súa credibilidade como grupo. (*A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Acuña!

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Pero miren, hai tres cuestións nas que xa estamos... (*A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Acuña!

Continúe, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas.

Hai tres cuestións nas que estamos xa todos de acordo en relación co hospital novo de Vigo: é un hospital, é novo e está en Vigo. E miren, mire señor Losada, pódolles asegurar que dentro de pouco xa cambiarán de opinión e será para todos un hospital novo, público e en Vigo. Seguramente que vostedes cambiarán de opinión e recoñecerán que en Vigo a cidadanía neste momento conta cun hospital en plena época de recesión e en plena crise, que non tiveron cando vostedes gobernaban en época de bonanza. (*Aplausos.*)

Pero, miren, a súa credibilidade non só queda en entredito cando se fala de sanidade, a súa credibilidade queda en entredito cando falan do naval. ¿Recordan os floteis fantasmas? ¿Recordan os meses e os meses que tivemos que escoitar que era unha mentira, que o presidente estaba enganando os traballadores, que o presidente estaba enganando a socie-

dade galega, que era unha proposta electoral, que non existía, que era fume? ¿Que din agora? ¿Pídenlles perdón aos traballadores do naval? ¿Pídenlles perdón? (*Murmurios.*) Vostedes non piden perdón nin por enganar na sanidade, nin por enganar os traballadores do naval. Vostedes non piden perdón por nada... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...e non recoñecen absolutamente nada.

E critican en relación cos servizos sociais –un mantra que levan vostedes repetindo dende o ano 2009– que o Goberno da Xunta privatiza os servizos sociais. A min gustárame facer un inciso e explicarlles –que vostedes o saben– que o primeiro goberno da Xunta que privatizou os servizos sociais, a construción das residencias, a construción dos centros de día e a xestión dos servizos sociais, señor conselleiro de Política Social, foi un goberno que creou unha empresa, unha empresa que tiña un nome, Sogaserro, unha empresa na que a Xunta participaba; unha empresa na que, ademais, os seus socios tiñan accións noutras empresas que tamén tiñan competencias en relación cos servizos sociais (*Murmurios.*) Pero, claro, hai unha diferenza: vostedes son uns visionarios, uns visionarios, atopan novas solucións para os problemas e logo resulta que o problema é do Goberno actual.

Pero, miren, o que está claro é que vostedes defenden as súas ideas cando están na oposición, pero métenas nun caixón cando chegan ao Goberno. E, dende logo, iso a cidadanía sábeo, e iso a cidadanía esta a velo (*Aplausos.*)

E resulta sorprendente, señoras e señores deputados, sorprendente, que os grupos da oposición non estean de acordo con reducir o imposto sobre as rendas medias e as renda baixas. (*Murmurios.*) Non están de acordo. Non están de acordo, señor conselleiro, en que o 99 % dos galegos non pague-mos o imposto de sucesións e doazóns. Non están de acordo. E tampouco están de acordo en que vostedes activen un programa de impostos cero no rural. Dende logo, a nós parécenos unha espléndida batería de medidas de rebaixas fiscais. (*Aplausos.*) E seguramente, señor conselleiro, á maioría dos galegos lles pareza unha boa batería de rebaixas fiscais. Porque iso é o que hai que facer: trasladar a recuperación á cidadanía, e iso é o que está facendo o Goberno da Xunta.

As nosas propostas de resolución, señora portavoz do Grupo da AGE, apostan por consolidar esa recuperación económica, apostan por loitar contra o desemprego, apostan polos servizos públicos, e apostan por trasladar eses efectos da recuperación á cidadanía. Vostedes, que queren ter dereito a decidir, neste debate do estado da Autonomía van ter dereito a decidir. E terán que decidir se aproban e se están de acordo con medidas que están pensadas para as persoas, que están pensadas para as familias que aínda están sufrindo as consecuencias da crise, que están pensadas para as familias onde aínda non chega a recuperación aos seus fogares, que están pensadas para o sector industrial, para os sectores produtivos. En definitiva, vostedes teñen que decidir, e terán que decidir se apostan por vostedes mesmos ou se apostan por Galicia. *(Aplausos.)* Terán que decidir. Xa teñen o dereito a decidir, decidan se apostan polos seus intereses ou se apostan polos intereses de todos os galegos e as galegas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios respecto das propostas dos demais.

Polo Grupo Mixto, as señoras Iglesias e Martínez.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidenta.

Votarei si ás propostas dos grupos parlamentares da oposición, pola coincidencia ideolóxica e política con respecto ás mesmas, así como os felicito polo traballo feito. Resultou agradable e ilusionante ler as súas propostas, e espero que máis cedo ou máis tarde as propostas poidan levarse a cabo.

Quero destacar a proposta de resolución número 13 do BNG, de incluír o termo “feminicidio” na lei galega, coincide coa presentada por esta deputada co número 6. Asistimos a un incesante aumento no número de vítimas de violencia machista, e a un rebrote de condutas sexistas e misóxinas na xuventude e mesmo na infancia. Algo se está a facer mal ou de xeito inadecuado. Un asunto de tal envergadura require medidas radicais, para erradicar de raíz esta lacra. O número de persoas vítimas da violencia machista é de 76 en todo o Estado e de 8 na Galiza no que vai de ano. E son os casos coñecidos, hai moitos máis feminicidios que quedan ocultos.

Este dato indícanos que as políticas e recursos que se están a aplicar non están sendo en absoluto eficientes e suficientes.

Abstereime nas propostas de resolución do Partido Popular 1, 2, 3, 7, 10, 11, 12, 13, 15, 17, 18, 19, 24, 27, 30, 31, 32, 34, 38 e 39, porque, pese a que están moi ben redactadas, implican unha continuidade das políticas que estamos a rexeitar os grupos parlamentares da oposición, ou contradín as accións de goberno. Desculpen, pero non me resultan fiables. Como a número 39, para a redacción dunha lei de museos. Resulta evidente o desleixo do Goberno co tema dos museos no caso do Museo Arqueolóxico de Ourense, cunha emenda presentada polo Partido Popular e aprobada por unanimidade en pleno a unha PNL desta deputada para a reforma e posta en marcha do devandito edificio. A día de hoxe o museo permanece pechado e dilatada a súa apertura a causa do desinterese do Goberno central e, en consecuencia, do Goberno da Xunta.

Non podo votar a favor da resolución 37, tampouco en contra, polo cal abstereime. Espero que as medidas que contempla a resolución se cumpran para que se dean vostedes conta de que a coeducación no ensino –transacción que non me aceptaron– é imprescindible na loita contra a misoxinia patriarcal que xera violencia machista, misoxinia histórica que se reflicte nos textos educativos, de historia, de literatura, de ciencia, de música, de arte, en todos. Lémbrolles que só hai tres mulleres homenaxeadas o Día das letras galegas: Rosalía, Francisca Herrera e María Mariño. Ou a número 38, para renovar o compromiso co galego e concienciar sobre a súa utilidade; papel mollado se analizamos as súas políticas lingüísticas.

Tentei transaccionar a resolución número 5 para que a recuperación da paga extra do funcionariado fose mediante o abono do cen por cento e intereses de demora da mesma no ano 2016 e non do 50 %, así como que a taxa de reposición tamén fora do cen por cento. Pero non houbo maneira de acordar.

Votarei a favor das propostas do PP números 4, 6, 14, 16, 20, 21, 23, 25, 29, 33, 35 e 36; e con moito gusto, en concreto, pola proposta número 4, que favorece o Proxecto de lei de economía social e cooperativismo. As restantes contan co meu apoio por ir en prol e mellorar –aínda que de forma cativa– as condicións sociais da cidadanía.

É satisfactorio ter chegado con vostedes a un acordo transaccionando as propostas sobre o sector leiteiro, porque no novo texto conta sen fisuras coas gandeiras deste sector para coordinar a redacción dun plan estratéxico de futuro que recolla as súas demandas e propostas. Espero que sexa realidade e outórgolles o meu voto de confianza.

Moitas grazas, máis nada.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, escaso tempo para falar de tantas cousas importantes.

Vou empezar polo Partido Popular e respecto das resolucións ás que votarei en contra. Non vou dicir o número, pero si das resolucións que falan de continuidade do Programa de apoio ao emprego xuvenil e aos autónomos menores de 30 anos. Creo que é pura propaganda e son subvencións ás empresas para que contraten a mocidade con salarios e condicións laborais precarias, e que, dende logo, non dá ningunha solución á realidade que están vivindo os autónomos.

Tamén votarei en contra da resolución 3, que do que fala é de parados de longa duración. ¿E cal é a solución que lle dá o noso Goberno? Pois colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e formación. Un parado de longa duración o que quere é que lle garantan uns ingresos. ¿Vostedes pensan que con formación lles van solucionar aos parados de longa duración sen ingresos o seu futuro? Polo tanto, en contra.

Tamén votarei en contra por non devolverlles aos traballadores públicos os dereitos que lles foron usurpados; e en contra, evidentemente, da baixada do IRPF. E tamén das resolucións 8 e 9, porque non aceptaron a emenda que lles presenteí dicindo que esa aposta polas TIC e a tecnoloxía tiña que ser para o ensino público. Vostedes negáronse a aceptar que fora para o ensino público, o cal faime pensar que vai ser diñeiro que vai levar o ensino privado. Polo tanto, o meu rexeitamento.

Tamén votarei en contra da resolución número 10, porque establece o límite do investimento en universidades na estabilidade orzamentaria, e en contra de seguir privatizando a alta tecnoloxía, que xa me parece, de verdade, case un recochineo que se nos plantexe como unha resolución, cando levamos falado neste Parlamento, toda a oposición, en

contra da privatización de todos os ámbitos da sanidade e, en concreto, da alta tecnoloxía.

Tamén en contra da número 13, porque realmente é unha pura propaganda. Presentei unha emenda que instaba a Xunta a garantir os coidados paliativos e o servizo de ADO en todos os concellos que están lonxe dun centro hospitalario, e votaron en contra. Polo tanto, a súa idea non é precisamente servir a estes cidadáns senón facer unicamente propaganda.

Votareí en contra da 16, posto que rexeitaron tamén a emenda e parece que a Xunta ten que pedirllas un favor ás petroleiras en vez de facer valer o Goberno galego e os dereitos do pobo galego, e en contra de non cambiar o modelo de xestión de residuos.

E tamén despois votarei a favor dalgunhas, un pouco para darlles esa oportunidade, aínda que non creo que vaian máis alá da propaganda; pero si que para dar a oportunidade de que demostren se están dispostos a avanzar.

Votareí en contra da resolución 40. Paréceme, dende logo, unha tomadura de pelo que a estas horas se nos veña con esta proposta. Creo que, bueno, é máis do mesmo e que non se está pensando no pobo galego; estase pensando na cohesión de España, un ente que eu non sei moi ben como interpretalo, en vez de falar da cohesión de Galiza, que si é o noso país e que teñen totalmente abandonado.

En canto ás resolucións dos demais, voume abster na 24 e a 25 do Partido Socialista, posto que recollen algunhas das obras coas que eu non estou de acordo, nin con ese modelo de seguir apostando pola alta velocidade cando o máis importante é cohesionar o noso país. E votarei en contra da número 28 pola centralización que supón do tratamento dos residuos en Sogama.

E en canto ás resolucións da Alternativa Galega, estou un pouco á espera de que se me aclare na número 25 cal é a situación que propoñen para Reganosa. Entendo que se pide o traslado de Ence pero non teño claro se en canto a Reganosa se pide o seu traslado, o seu peche ou qué é o que solicita realmente. E vou votar tamén en contra da proposta número 12 do propio Grupo Mixto, posto que eu entendo que non beneficia os grupos minoritarios nin as minorías sociais ese tipo de votación.

E en canto ao resto das emendas do Partido Popular, absterime en varias delas; en concreto, nas que fala da risga, das bonificacións e das apostas do bono de natalidade. Creo que é propaganda, que non resolve o problema demográfico do noso país e –remato– que non pasa máis alá de ser unha campaña electoral –que iniciaron xa o mércores– de cambios de tendencia. Pero tampouco vou votar en contra de que alguén reciba aínda que só sexa esa miseria dos 100 euros.

Nada máis, moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidenta.

Agora, mentres estaba no meu escano escoitando a intervención que fixo aquí a voceira do Grupo Popular, pensaba qué pensarían moitas das persoas deste país escoitando a súa intervención, qué pensaría un home ou unha muller de 40 ou 50 anos que leva dous ou tres anos sen emprego, que xa esgotou as súas prestacións e que non ten ningunha porta aberta, qué pensaría un mozo ou unha moza que tivo que emigrar porque aquí non hai oportunidades, qué pensaría toda esa xente que está traballando con salarios de miseria, por debaixo do salario mínimo interprofesional, sen dereitos nin futuro, cando escoitan que aquí vivimos nun país no que parece ser que non hai problemas, porque o Partido Popular reduce as persoas a estatísticas. E nós queremos dicirlles que neste país os problemas seguen existindo, e as estatísticas vostedes pódenas torturar, manipular, poden facer con elas o que queiran; pero a realidade fóra segue sendo a mesma, e a realidade é moi dura para moitísimas persoas.

E a soberbia coa que veñen aos debates neste Parlamento realmente só serve para demostrar que fan unha política non só que non ten en conta a este país senón que fan unha política baleira, sen corazón, e que se olvida de que hai moita xente fóra sufrindo e pasándoo moi mal. Realmente é, desde o meu punto de vista, vergoñento ver o triunfalismo dun goberno que despreza os problemas das persoas. Parécenos un moi triste balance deste debate.

Porque, miren, vostedes non só desprezan as persoas con este tipo de intervencións, tamén desprezan calquera idea diferente da súa, mesmo chegan aquí a dicirnos que Galiza é o Partido Popular. Non, señorías, Galiza é moito máis que o Partido Popular, e Galiza, desde logo, é unha sociedade plural e deben de respectar a xente que non opina coma vostedes. Vostedes nin dialogan nin aceptan mudar absolutamente nada, non aceptan ningunha proposta diferente. Por non aceptar (*Murmurios.*) –non se poñan nerviosos, conselleiros, non se poñan nerviosos, non pasa nada– vostedes non queren aceptar a realidade. E veñen aquí repetindo un argumento, facendo de oposición da oposición, salvando os mobles nun momento no que hai que salvar os galegos e as galegas, Galiza. (*Aplausos.*) É que Feijóo non nos interesa absolutamente nada, e esa é a única preocupación que vostedes teñen.

Miren, hai un argumento que levan repetindo toda a lexislatura e que a nós nos parece que é o síntoma de como manipulan a realidade. Cada vez que falamos de pobreza negan que exista un problema neste país, ou dinnos: é que hai outros que están peor. Esta é a política dos necios que nunca queren mirar o que vai mellor e sempre miran o que está peor. Pero é que o mesmo dato do aumento da risga delata o aumento da pobreza; polo tanto, hai un problema gravísimo que non se atende porque a risga non é unha solución, a risga é un paso intermedio. E o que hai que solucionar é a pobreza, señorías, non seguir cansinamente cun argumento que é absolutamente inútil e que –como dicíamos– é un argumento delatador.

Tamén queremos hoxe denunciar a mentira sobre esas supostas propostas de transacción que vostedes nos remitían ao resto dos grupos, porque son propostas que na práctica o que queren é que asumamos as súas propostas. Non son propostas para recoller, a través dunha síntese, diferentes alternativas e, polo tanto, mudar algo na política que están facendo. Non, non, vostedes preséntannos un papel no que queren que asumamos a súa política.

E vou dicir isto sobre dous aspectos que a nós nos parecen moi importantes, como é o sector naval e como é o sector lácteo. E empezo por isto, a verdade é que é vergoñento ver unha nota de prensa na páxina web oficial da Xunta de Galiza do 15 de outubro de 2015 onde nos din que a Xunta valora positivamente que o 83 % das explotacións de leite se

verán beneficiadas das axudas complementarias do Ministerio. É que é mentira, é que non é o 83 %, é que van ser como moito arredor de 5.000. Primeiro, mentindo e enganando a xente en relación con este acordo. E tamén nos parece absolutamente demencial que valoren que sigan agradecéndolle ao Ministerio o esforzo e o traballado levado adiante. Terían que agradecerlles en todo caso aos gandeiros e gandeiras deste país o esforzo que fan todos os días para manter as súas explotacións abertas (*Aplausos.*) mesmo traballando a perdas. (*Murmurios.*) Pero é que ¡como poden seguir aplaudindo un acordo que o propio sector dixo que era fraudulento e que ía en contra dos seus intereses! ¡Como poden seguir aplaudindo un acordo no que os gandeiros galegos están claramente discriminados e vostedes din amén a todo aínda que sexa a custa de sacrificar un sector fundamental para este país! E por iso nós non podemos aceptar esta proposta de transacción que se fai co Grupo Mixto, porque na parte final desta proposta de transacción o que están vostedes é dicindo que temos que aplaudir ese decreto que discrimina o noso país. E nós o que propoñemos é que o que ten que facer o Goberno galego é defender os intereses dos nosos gandeiros e das nosas gandeiras e non os intereses da señora Tejerina, que nada teñen que ver cos intereses do noso país.

Tamén quero chamar a atención sobre outro feito que do noso punto de vista é moi grave, porque demostra como este Goberno debe tomar por parvos e parvas os labregos deste país. É esta proposta de impostos cero no rural. Até onde nós sabemos, as leis que se publican no DOG están vixentes, ¿non? Entón imos ao DOG e hai unha lei, a Lei 4/2015, de modernización da estrutura territorial de Galiza. Nesa lei xa se fixo unha modificación dos impostos que anunciou o señor Núñez Feijóo que ía eliminar. E xa se eliminaron eses impostos que hoxe nos dixo que eran a gran rebaixa fiscal e a grande aposta que facía polo rural. ¿De que estamos falando? ¿A que xoga o señor Núñez Feijóo cos intereses de Galiza? Os galegos e as galegas non somos parvos, e os labregos e labregas tampouco. (*Aplausos.*) E, desde logo, é unha tomadura de pelo que se nos veña aquí anunciar o que xa está recollido nunha lei. ¿Ou é que lles van suspender todos os impostos no rural? Sería unha cuestión interesante para aclarar, pero ¿a que non estamos falando diso? Estamos falando das mesmas medidas que xa estaban aprobadas nunha lei.

E a seguinte cuestión que nos parece importante é a do naval, porque o naval nós seguimos crendo que é un sector

estratéxico, mais parece que o Goberno galego o considera unha entelexuia. Preséntanos unha proposta de transacción que empeza porque primeiro... di así: “O Parlamento insta a Xunta a que, dentro da Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0, desenvolva unha estratexia integral de optimización loxística axeitada á nova industria”.

Esta Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0 é un slogan que non ten nada detrás. Preguntámonos cal é esa nova industria para a construción do naval. E o que nos parece máis grave desta proposta é que para o Goberno galego, para o Partido Popular, Fene pasa a ser considerada auxiliar. E o máis grave, ademais, é que vostedes seguen teimando, pola vía da eólica, en desmontar o sector naval en Ferrol.

Nós dicimos, ¿vostedes queren defender o sector naval? Temos propostas moi concretas: complexo integral do naval na ría de Ferrol; un plan de modernización que garanta a incorporación á construción civil dos estaleiros na ría de Ferrol; que se presenten os proxectos de centros de reparación naval de Ferrol, da ría de Vigo e do dique flotante para Ferrol. Compromisos moitos deles asumidos polo presidente cando ía alí, en campaña electoral, a pedir o voto a Ferrol. Pero neste momento do que se trata non é dun uso electoralista da xente nin do problema do naval. Do que se trata é de defender un sector estratéxico para Galiza, do que dependen miles de postos de traballo. Esta proposta de resolución que presenta o Grupo Popular é unha fraude que non vai servir para nada máis que para seguírlle dando mentiras e falsas promesas no Partido Popular.

Tamén queremos dicir que non nos valen as propostas fiscais que presenta o señor Feijóo, porque son propostas regresivas. O señor Feijóo xustificou a retirada da gratuidade dos libros de texto porque non se podía establecer a gratuidade a rendas diferentes. Sen embargo, nas herdanzas non lle importa suprimir ese diferencial a todas as rendas. Pero non é o mesmo que unha persoa herde 20.000 euros que 400.000, ¡hai unha diferenza moi grande! Polo tanto, estamos claramente impoñendo unha regresión fiscal que é prexudicial para os intereses deste país e que ademais é regresiva.

E miren, a min paréceme que hai temas —á marxe destas cuestións— que teñen moita gravidade porque afectan á vida persoal da xente dunha maneira moi clara, e uns son

os desafuizamentos. Non se pode dicir, nun país no que cada día hai oito desafuizamentos, que non pasa nada e que xa está o problema solucionado. Non se pode dicir iso, sobre todo porque, detrás das espaldas de quen ampara unha política ao servizo da banca, tamén están as mortes que causaron os desafuizamentos; mortes que algunha a vivimos moi recentemente neste país, e creo que deben levar a unha reflexión moi seria e moi profunda sobre que sociedade...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...é esta que algúns amparan. Xa digo que o Bloque Nacionalista Galego non.

Polo tanto, agardaría unha retirada dese tipo de afirmacións, que insultan non só á intelixencia, senón á dignidade de moitas persoas que o están pasando moi mal...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...neste país.

E remato, señora presidenta, dicindo simplemente que nós claro que estamos pola unión –como dicía Pondal– dos bos galegos, porque na unión dos bos galegos está da patria o porvir.

¡Vostedes saberán por que están en contra dos galegos!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo da Alternativa Galega de Esquerda.

Ten a palabra a señora Díaz Pérez.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señora Rodríguez, eu respéctoa moito, como sabe. Non así a outros do hemicycle nas bancadas do Partido Popular, pero a vostede si. E mire, respecto do naval teño que dicirlle que o que acaba de afirmar nesta Cámara non é quen de acompañarme a min á miña cidade, co señor Rey Varela aquí diante, e dicírllelo aos traballadores e ás traballadoras. ¡Non é quen!

Porque mire, hai catro petroleiros que agora mesmo no seu discurso –e non me vai deixar mentir o señor Rey Vare-

la– se van facer na baía de Cádiz. E nós, en Ferrol, silvando. Nós, en Ferrol, silvando. E mire, hai unha realidade, e é que están ocupando o mellor estaleiro aínda do mundo, como é Navantia-Fene, a antiga Astano, xustamente cun sector da eólica e cos intereses dunha empresa que se chama Iberdrola, señora Rodríguez. Por tanto, como din os colexios de enxeñeiros, non é compatible facer barcos con facer eses dichosos *jackets*. Por tanto, eu volvo convidala. Veña comigo, non lle vai pasar nada. Somos xente amable e agarimosa na comarca de Ferrolterra. Veña alí dicir o que aquí dixo, porque é falso.

Segunda cuestión, señora Rodríguez. Se están controlando a débeda, mellor que non fagan nada, porque trescentos e algo millóns máis este ano, o presidente máis caro da historia, 10.200 millóns de euros; un mal xestor, despedido inmediatamente na empresa privada sen indemnización. Aplicación austera da reforma laboral. ¡Deixen de controlala! ¡Xa non traga a cidadanía deste país! Mal xestor, país endebedado, e ademais contraen débeda para seguir pagando aos bancos, nesa ditadura dos acredores aos que vostedes representan tremendamente ben.

Máis cousas. Plan de emprego xuvenil. Señora Rodríguez, mire, eu ata hai tres anos dedicábame a algo disto, e de verdade que é unha burla. O 99 % deses contratos miseria do chamado Plan de emprego xuvenil, señora Rodríguez, son contratos de formación. ¿Sabe como son os contratos de formación? Eu si, ¡eh! ¡Non os quero para ningunha das persoas máis queridas da miña vida, sen lugar a dúbidas!

Deixen xa de precarizar e de atentar contra os traballadores e traballadoras deste país. Ese é o seu modelo. O modelo ao que camiñamos é xustamente ese, o contrato de formación para persoas que poden ter 32 anos, no noso país, e non gañar nin o salario mínimo interprofesional. ¡Ese é o modelo que queren! ¡Queren que voltemos ao feudalismo, queren que traballemos por unha comida, por un vestido e por unha vivenda! ¡Xa nin sequera iso! E dicimos que non, señora Rodríguez, ¡que non tragamos!

Mire, máis cuestións. Pobreza severa, non falou dese indicativo. Pois no noso país temos máis de 50.000 dende hai nada, exactamente 151.000 no noso país. ¿Políticas que fan? Nada. Apoien a nosa proposta de resolución, que non é revolucionaria, na que pedimos un rescate para a emerxen-

cia social. Traslados as medidas que pide o CES neste último dos seus informes. Voten a favor, non é nada revolucionario, fáganlle caso ao CES. E, se non o fan, explíquen-nos aquí por que; por que non votan a favor da mesma. Dígannolo alto e claro.

Mire, I+D+i, que fale vostede disto.... ¡é que é de traca! Eu non sei se coñece unhas declaracións... Os dirixentes do Partido Popular estatal son de traca, pero esta é da señora Carmen Vela, que é unha muller moi importante, secretaria de estado de Investigación. Dixo aquilo de: En España sobran investigadores. En España sobran investigadores. Efectivamente, ¡botáronos a patadas! E o que nós lles pedimos é que xustamente cumpran co que leva a iniciativa da Alternativa Galega de Esquerda. Que do 0,86 % mísero pasen ao 1,26 %, se é que queren facer algo pola universidade, polo pensamento e polo talento neste país. Claro, hai que ser rigorosos porque os números valen para algo, non só para xogar, como fai o señor presidente ausente.

Pedimos máis cousas. Están moi preocupados. Dereito a decidir, señora Rodríguez. É que claro, é fundamental, por razóns democráticas, nos pobos desenvolvidos. Pois claro, queremos decidir, queremos decidir que quere Galicia, queremos decidilo absolutamente todo, porque semella... Vivimos nunha democracia, ¿ou non? Non o sabemos.

Tamén nos gustaría que apoiasen a iniciativa que leva AGE en torno a reclamar unha comisión de investigación respecto do sinistro de Angrois. E se non, explíquenlles ás persoas deste país por que pechan a porta e por que seguen a facer esa grande estafa coa vida e a morte de moitos seres humanos.

E máis cuestións. Como vostede sabe, eu todos os debates do estado da nación, os tres anos que levamos, fago como unha especie de atlas que lle dedico ao presidente ausente dun país que debe mudar, unha especie de glosario. Nesta ocasión tamén o vou facer, porque creo que é unha radiografía —a través dese glosario— do que estamos vivindo en Galicia, dese país real, ausente no discurso de Alberto Núñez Feijóo.

E di así, empezando polo A. A de AP-9: Terra expropiada, propiedade de Audasa. Expropiada ao pobo galego, que ten que pagar para moverse polo seu país. No último ano e

medio gañou 43 millóns de beneficios. Estes son os amigos de Feijóo.

B, Barreiros. O acabado modelo de urbanismo do PP. Berlín, capital da Galicia de Alberto Núñez Feijóo.

Cerceda. A incineración feita negocio por Sogama. Tamén os seus amigos. Luis Lamas recolocado na Mutua Gallega.

Dombate. Dolmen de Dombate, en Cabana de Bergantiños. Arte neolítica. Ameazado de ser reconvertido en recinto multiusos sen control. Exemplo do que non ten que ser un parque arqueolóxico.

Eume. As Fragas do Eume. Semella que foron recentemente descubertas pola Xunta de Galicia, que acumula máis de 15 anos para redactar e acordar un plan reitor de xestión que reciba, ademais, o aprobamento dos ecoloxistas e dos propietarios.

F, de Fene-Ferrol. Finisterre urbano galego onde a Xunta non para de prometer barcos e esquecer o desenvolvemento do ferrocarril.

Gaiás. Delirio dun ex ministro da ditadura franquista. Ten as mans tinguidas de sangue. Custa demasiado para non valer nada.

Hórreo. Parlamento que, polo feitizo neoliberal, se está a trocar nun cuartel.

Iria Flavia. Sede de corrupcións e desbaldimento de carteros públicos dunha Xunta conivente.

Lugo. A cidade dos tractores que soñan un leite que dea de comer aos gandeiros e ás gandeiras deste país.

Marín. Onde Ence limpa o seu sucio negocio. Poden votar esa iniciativa. E aclárolle á deputada do Grupo Mixto que instamos o peche de Reganosa. Nesa proposta de resolución pedimos xustamente o peche das industrias altamente contaminantes.

Noruega. Estado onde non chegan as actuacións da Xunta a prol dos nosos mariñeiros.

Obradoiro. Latexo milenario dun pobo que resiste e vencerá a gobernos alleos, secuaces da Troika.

Prioriño. O cabo Prioriño. Maneira de depurar que enche o peto das grandes empresas amigas e destrúe unha ría tan rica como fermosa.

Rozas. Falouse diso aquí tamén. Base de drones de guerra e negocio da OTAN; quizais dunha futura Galicia con competencias militares. O I+D+i de Alberto Núñez Feijóo.

San Marcos. Sede do Merlín mediático que agocha cos seus esconxuros a miseria dos poderosos e os seus capataces, algúns deles aquí sentados.

Tagen Ata. Xeografía onírica da emancipación. Por iso traballamos.

Vigo. Zona cero da privatización sanitaria.

Xallas. Riqueza natural chuchada polo capital alleeiro.

E Zurich. Un dos destinos dos galegos e galegas, do exilio económico do Goberno de Alberto Núñez Feijóo.

Seguimos a traballar na procura de mudar a realidade deste país, e pedímoslle que nesta segunda ocasión que ten a señora Rodríguez nos fale deses datos, dese diferencial negativo do que non quixo falar. Deses datos que indican que Galicia vai moito peor que a media do Estado. Deses datos de crecemento económico que din que imos ao 1,8 mentres vai España ao 3,8. Deses datos que nos din que estamos destrozando o emprego; vostedes, pola súa inacción e os seus desgovernos.

Fálenos, se pode, dos datos publicados polos organismos formais e públicos, señora Rodríguez. Se non fala deles, entendo que os dá por certos, que os reconece. En todo caso, explíquenos como van facer para mudar a súa realidade.

E remato con outra cousa: a Lei de dependencia, señora Rodríguez. Tamén coñecerá o dato —é público— que indica o gasto por habitante que aplica Galicia, o seu goberno, e a media estatal. Hai case 30 euros de diferenza. Eu creo que deberían aprobar a nosa proposta de resolución.

Ou mesmo tamén eses datos que vostede deu...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...respecto da pobreza, señora Rodríguez, que sabe que se calcula en torno ao salario medio. Calquera deste hemicycle coñece perfectamente que os salarios medios de Galicia, por desgraza, son bastante menores que o resto do Estado.

Por certo, tamén pode aprobar a iniciativa que defende Alternativa Galega de Esquerda en torno ao incremento dos nosos salarios.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Díaz.

Grupo Socialista. Señora Gallego Calvar.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días de novo, señoras e señores deputados e membros do Goberno.

Señora Rodríguez Arias, vostede tratou aquí, na súa primeira intervención, de volver sobre o discurso que fixo o señor Feijóo o mércores, para intentar xustificar as cifras e para intentar dicirnos que Galicia estaba mellor. Pero a verdade é que a desmentiu o señor portavoz do Grupo Parlamentario Popular —que non participa neste debate— o mércores pola noite. Eu estiven atenta a todo o debate do mércores e escoiteille ao señor Puy dicir que, efectivamente, reconecía que os datos que ten hoxe Galicia en persoas en paro, en persoas en pobreza, en menos galegos e galegas e en desigualdade eran peores que os do ano 2009. Recoñeceuno o señor Puy aquí no debate. Polo tanto, obvio facer...

A señora PRESIDENTA: Señor Puy, faga o favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...ningunha consideración máis ao respecto. Vostede foi desmentida polo portavoz do seu grupo.

Pero aínda hoxe nos medios de comunicación, señora Rodríguez Arias —como lle dixen na miña intervención—, se reconece que a pobreza severa en Galiza aumentou en máis

de dous puntos dende que goberna o señor Feijóo. É máis, podemos avanzar e podemos falar da lista de espera da dependencia, que a señora conselleira cesada –non do Goberno, porque o señor Feijóo ten que pagarlle algúns favores ao señor Negreira e algunhas outras cousas, entón non puido cesala do Goberno como el quixera, pero si da política social– sabe que hai un 41 % de lista de espera na dependencia, e que somos das comunidades autónomas con máis lista de espera de España. E que en Galicia, igual que noutras comunidades autónomas, tamén houbo unha crise económica. Por exemplo en Asturias, que é unha comunidade autónoma que demograficamente ten un parecido moi relevante con Galicia, aínda que ten, evidentemente, moita menos poboación –tres veces menos de poboación–, a lista de espera en dependencia é de menos do 10 %. En Galicia, do 41 %, e en Asturias, de menos do 10 %. ¿En Asturias dedican tres veces máis de orzamento á renda de inclusión que en Galicia? Si, coa mesma porcentaxe de pobreza. ¿Hai lista de espera de seis ou oito meses? Non. E ademais publícase cada mes a lista no Diario Oficial da Comunidade autónoma. Polo tanto, ¿pódense facer as cousas doutra maneira? Si. ¿Quen goberna en Asturias? Os socialistas.

Pois miren, as propostas que presentamos aquí os socialistas son propostas contrastadas con outras comunidades autónomas nas que vimos gobernando durante a crise, e a diferenza nos datos desas comunidades autónomas coa súa é abismal. O 10 % de lista de espera en Asturias en materia de dependencia e o 41 % en Galicia. Lista de espera para a renda de inclusión en Galicia, de seis a oito meses; non hai lista de espera en Asturias. Dedican vostedes corenta e pouco millóns de euros cada ano á renda de inclusión en Galicia. Tres veces máis se dedican en Asturias, coa mesma porcentaxe –señor Puy, coa mesma porcentaxe– de pobreza, igual que Galicia.

Polo tanto, de datos, xa vostede desmentiu a súa portavoz.

¿Con respecto ás propostas de resolución que presenta o Grupo Popular? Continuar, afondar, seguir, reforzar...¿O que?, ¿o paro?, ¿a pobreza?, ¿a desigualdade?, ¿e que a xente teña que marchar de Galicia porque non hai futuro? (*Aplausos.*) Non, non, non. Non, señores do Partido Popular, non. Propostas de resolución con calendario e con orzamentos, esas si. ¡As demais non!

Miren, imos votar a favor de dúas propostas de resolución do Partido Popular, porque a pesar de que non comprometen prazo nin orzamento... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Interrupcións.*), é certo que unha... (*Interrupcións.*) ...xa a estabamos facendo nós, que era a de introducir auxiliares administrativos nos centros educativos, a número 9 do Partido Popular. Polo tanto, se vostedes continúan unha política que estabamos facendo nós, por suposto, señor conselleiro, que imos apoialo para que a siga facendo.

E imos apoiar tamén a número 37, que fala de plans de igualdade na educación, porque, a pesar de que tampouco contempla nin orzamento nin prazo, consideramos que hai que facer un plan de igualdade na educación. Se nun tempo prudencial non a pon en marcha, xa lla reclamaremos.

E tamén –perdón, son tres as que lles imos apoiar– imos apoiar a número 14, porque fala de estender o programa de detección precoz do cancro colorrectal, porque, aínda que sexa sen prazo concreto, nos parece unha iniciativa que se pode apoiar.

Señores do Partido Popular, non imos apoiar a súa iniciativa número 40, aínda que vostedes van apoiar a nosa 40, curiosamente. Non imos apoiar a súa iniciativa número 40, ¿saben por que? Porque o señor Feijóo, na oposición e no Goberno, renunciou a defender o autogoberno de Galicia. E cando os socialistas na oposición, no Goberno, e de novo na oposición, plantexamos a reforma do Estatuto de autonomía para blindar os dereitos sociais e para reforzar o autogoberno, vostedes sempre estiveron en contra. (*Aplausos.*)

As súas propostas de resolución 6 e 7, este rosario de bonos, cheques, axudas, rebaixas fiscais, etc., que nos prometía o señor Feijóo o mércores, ao final se concretan en baixada fiscal para as rendas medias e baixas. ¿Que consideran vostedes rendas medias e baixas? ¿En que contías no tramo autonómico do IRPF? ¿Menos de 60.000? ¿Menos de 120.000? ¿Máis de 12.000?

Mínimo exento elevado ata os primeiros 400.000 euros por herdeiro para imposto de sucesións e doazóns. ¿Sobre que valor? ¿Catastral, de mercado, o que fai a Facenda pública? Demasiadas interrogantes para poder apoiala. Abs-terémonos. Esperamos a que vostedes a concreten no debate dos orzamentos,

A número 7: bono-gardería para pais que non teñan prazas. ¿Van substituír vostedes unha axuda puntual, electoralista, por construír máis prazas públicas de garderías? Ou o bono-coidador rural para familias nas zonas nas que non haxa escolas infantís. Fágolle a mesma pregunta. Ou os 100 euros/mes para os nenos que nazen a partir do día 1 de xaneiro de 2016. En función da renda, din vostedes. ¿E con que topes? ¿Por canto tempo, señores do Partido Popular? Concreten, concreten na lei dos orzamentos, e, en función diso, apoiáremolos. De momento, abstención para esas dúas.

Por certo, señor conselleiro de Política Social, eu vou ser a súa contraparte nestes debates que nos quedan neste derradeiro ano do señor Feijóo como presidente da Xunta, neste caso derradeiro. ¿Vai vostede permitir que o seu grupo vote en contra de construír o dique flotante de Ferrol? Dígollo porque nolo están preguntando as centrais sindicais que están ollando este debate. *(Aplausos.)*

En canto a política social, é curiosa a interpretación que fai o señor Feijóo deste xiro social co márketing de nomear un conselleiro. A primeira proposta de resolución que presenta hoxe o Partido Popular para votar neste Parlamento carga literalmente o peso do gasto social nos concellos e nas deputacións. Agora que non os gobernan, agora que perderon as eleccións e que só gobernan unha das catro deputacións, e que a meirande parte dos cidadáns de Galicia están gobernados por gobernos progresistas, entón agora lles piden aos concellos e ás deputacións que axuden a pagar as persoas en Risca e en servizos sociais. Oían, señores do Partido Popular, ¿asuman as súas competencias! ¿Ou non se lembran de que lles sacaron as competencias de servizos sociais aos concellos de menos de 20.000 habitantes? ¿Ou non se lembran de que lles acaban de enviar aos concellos, para a constitución da Axencia de Servizos Sociais, un convenio abusivo e escandaloso? ¿Ou non se lembran de aínda teñen que resolver que vai pasar con esas competencias a partir do 1 de xaneiro de 2016? Deixen de facer propaganda...,

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...e verémonos nos orzamentos, señores do Partido Popular.

Señor Feijóo, unha vez máis, aínda que vostede non queira aparecer así, vostede é o presidente do paro, o presi-

dente da pobreza, o presidente da desigualdade, o presidente da Galicia minguante, o presidente que renunciou a exercer o autogoberno dunha nacionalidade histórica, colocándonos nunha posición peor fronte ás demais nacionalidades históricas, que neste tempo si que renovaron os estatutos –ao que vostede se negou–, e, polo tanto, están en mellores condicións ca nós para negociar o novo modelo de financiamento autonómico e a nova transferencia de competencias que necesitamos.

Esa é a súa herencia, señores do Partido Popular. Así que, cando queiran o apoio do Grupo Socialista, busquen propostas concretas, con prazos, con cifras e con definición do que queren dicir, porque o demais, para publicidade e propaganda chegaron ben seis anos, e neste seu derradeiro ano de Goberno, señor Feijóo, non queremos nin máis publicidade nin máis propaganda.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Señora presidenta, con respecto ás propostas de resolución do Grupo Mixto, da AGE e do BNG, imos votar a favor de todas aquelas nas que coincidimos politicamente. Algunhas, lamentablemente, debido á formulación das propostas, pois hai que mesturar demasiados temas, non poderemos votalas a favor, porque coincidimos nalgúns aspectos e noutros non.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: Polo tanto, teremos que absternos ou votar en contra dalgunha, aínda que unha parte das mesmas si que coincidan con nós.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grupo Parlamento Popular. Señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señora presidenta.

Unha deputada que vén a esta Cámara asegurando unha e outra vez que a Xunta de Galicia lles retirou as competencias de servizos sociais aos concellos de 20.000 habitantes; cando lle explicamos por activa e por pasiva que era mentira; cando ela estivo neste Parlamento nunha tramitación da

lei para adaptar a reforma á nosa comunidade, e volve aquí insistir en que os concellos de 20.000 habitantes non teñen competencias en servizos sociais, ¡é que vostede queda retractada, dende logo, da súa credibilidade! E, dende logo, desacreditada, ¡completamente desacreditada! (*Aplausos.*)

Seguen insistindo en que negamos a realidade, e eu dígo-lles: ou non escoitaron ou non entenderon nada durante este debate do estado da Autonomía. Quero pensar que escoitaron, entenderon, pero non o queren asumir. Porque, mire, nós só falamos da situación que nos atopamos cando chegamos ao Goberno da Xunta. Falamos da situación que, grazas ao esforzo dun goberno, temos neste momento, ano 2015. E falamos dos orzamentos que vai ter Galiza, grazas a esas medidas, no 2016.

Tamén falamos dos indicadores económicos, pero tamén falamos das persoas, de que coñecemos realmente o que está pasando na nosa sociedade; coñecemos que hai persoas que están sufrindo as consecuencias desa crise económica durante moitos anos; coñecemos que hai persoas que están no paro; coñecemos que hai persoas que están atrapadas nunha situación de exclusión social. Pero vostedes, ¿que queren facer?, ¿que queren facer? Queren vostedes facerlle o discurso ao Partido Popular para que veña aquí e digamos o que vostedes queren? Non, mire, dicimos o que os galegos queren; solucionamos as cuestións que os galegos cren que o Goberno de Galicia ten que solucionar. Vostedes sigan mudando de criterio dependendo de onde estean. Se están en Galicia, se están en Asturias, se están en Cataluña ou se están vostedes no Goberno ou na oposición.

Non lles pido moito, pero un pouco si, ¡un pouquiño de rigor! Creo que nós, e o resto dos galegos e das galegas, agradeceríamos un pouco de rigor, señora Gallego.

Mire, ofrecémoslles sete grandes pactos aos grupos da oposición: sobre a Lei do solo, sobre o retorno dos mozos emprendedores, sobre xustiza, sobre Alcoa, sobre sanidade, sobre retorno de emigrantes, sobre o naval e sobre o sector lácteo. Deses grandes pactos, aceptáronnos un do sector naval.

Ao Partido Socialista, ao Grupo Socialista, ofrecémoslle tres grandes pactos: a Lei do solo, retorno de emigrantes, xustiza. Rexeitáronos todos. Non presentaron ningunha

emenda ás propostas do Grupo Popular, e nós aceptamos catro propostas do Grupo Socialista: turismo, políticas comerciais, participación electoral no exterior, cumprimento das propostas de resolución.

AGE, ofrecemos un grande pacto sobre o naval. Aceptárono. Non presentaron ningunha emenda ás propostas do Partido Popular, e nós aceptamos dúas propostas da AGE: unha sobre Alcoa e outra sobre a universalidade da atención sanitaria.

Bloque Nacionalista Galego. Ofrecemos dous grandes pactos: sobre o retorno de emigrantes e sobre o sector naval. Rexeitáronos. Iso si, señor Jorquera, agradecemos que vostedes foran o único grupo da oposición que se quixera reunir co grupo maioritario desta Cámara. Agradecemosllo. Aceptamos unha proposta súa, as pensións dos mariñeiros no Estado noruegués.

Grupo Mixto. Ofrecemos un gran pacto sobre o sector naval, o único gran pacto dos sete que ofertamos, aceptaron un. Presentaron emendas ás nosas propostas, das que aceptamos unha. E aceptamos tres propostas do Grupo Mixto: sobre o incremento do gasto social, sobre a condena da violencia machista, sobre a transparencia nas listas de substitucións da función pública. Pero revisando todas e cada unha das propostas de resolución presentadas polos grupos da oposición –40 por grupo– é fácil decatarse que non se poñen vostedes de acordo en cuestións fundamentais para o país. Non se poñen vostedes de acordo porque presentan propostas de resolución concretamente contraditorias unhas contra outras. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Presentan vostedes propostas de resolución que ás veces non teñen nada que ver co noso país.

Por iso nós, cando dicimos que viñamos predispostos ao acordo, entendemos que sexa difícil que vostedes acorden con nós, cando vostedes, entre vostedes, non se entenden. (*Aplausos.*) Porque, miren, as cuestións fundamentais para Galicia nas que os grupos da oposición non foron capaces de poñerse de acordo: política fiscal, banca pública –hai quen quere, hai quen non quere, hai quen quere un tipo de banca pública, hai quen quere outro tipo–, sobre a reforma electoral, sobre o modelo industrial, sobre infraestruturas viarias fundamentais na nosa comunidade, sobre política enerxética –modelos distintos, señores e señoras–, sobre a soberanía nacional –por certo, imos solucionar todos os

problemas dos galegos e das galegas coa soberanía nacional—, na reforma da derogación da Lei do mercado laboral —hai quen quere derogala, hai quen non quere derogala—.

Miren vostedes, antes de tentar unha unión popular, teñen que tentar marcar un pouquiño máis o seu modelo de país, porque nestes momentos teñen modelos de país completamente distintos; e tendo modelos de país completamente distintos é moi difícil que lles ofrezan un modelo de país aos galegos e ás galegas.

E o Grupo Socialista insiste un ano máis, insiste un ano máis, en volver aos erros que cometeron no pasado. Queren que a Xunta de Galicia, queren que o señor Feijóo, volva e retorne á situación do ano 2009. Vostede entenderá, señor presidente, e a maioría dos galegos e galegas entendemos, que non queremos volver a esa situación, que non queremos volver a esas políticas porque sabemos que deixaron o noso país nunha profunda crise e ao bordo do rescate. Non queremos volver á situación do ano 2009. O que tivemos que facer é xestionar, xestionar as consecuencias desa situación do ano 2009 que atopou este goberno.

En relación coa risga din que non se incrementa o orzamento. Xa lles dixen que se incrementa, e cando recoñecen que se incrementa nun 50 %, dinme: É que hai máis persoas que necesitan a risga. ¡Claro, señora Gallego!, por iso o Goberno da Xunta incrementa o orzamento da risga, para atender as persoas que necesitan ter unha renda de inclusión social na nosa comunidade. *(Aplausos.)*

É curioso, pídennos reducir a taxa de abandono escolar. O que non sabemos é qué taxa temos que reducir, señor conselleiro, se a que hai na actualidade ou se a que deixaron eles. Porque a que deixaron eles xa está ben reducida. Debe de ser que a deles lles parecía ben e agora que a taxa de abandono escolar é menor non lles interesa falar dese tema. *(Aplausos.)*

E piden que se asine un convenio coas universidades. Penso que ás veces hai que ler un pouquiño máis a prensa, porque todos sabemos que se acaba de asinar ese convenio coas universidades. Entenderán que non imos pedirllas que tres días despois asinen un novo convenio.

O PP, segundo os nacionalistas, está en contra dos galegos. Non entendemos, señor presidente, o que queren os

galegos; por máis que llo explican, vostede non entende. E o Bloque Nacionalista si que o entende, e entende que os galegos queren unha nazón, que é Galicia, con dereito a poder decidir o seu futuro. Pois mire, non, os galegos, primeiro, non teñen problemas de identidade, e, segundo, queren resolver o problema do paro, mellorar a súa situación económica, poder levar os seus fillos a unha escola infantil, poder ter axudas para pagar os recibos da luz e poder ter unha vivenda digna, como se está ofertando neste momento. *(Aplausos.)*

Pero o máis curioso é que para un grupo parlamentario a solución de todos os problemas de Galicia e de todos os galegos e galegas pasa por disolver este Parlamento e convocar eleccións autonómicas. É verdade, o primeiro día na constitución desta lexislatura, o seu portavoz subiu a esta mesa, porque era o membro con máis idade, e xa nese momento el pedía disolver ese mesmo día o Parlamento e facer unhas eleccións. *(Murmurios.)* Comprenderá, señora Díaz, que as súas propostas...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...para o futuro de Galicia as respectemos, pero, a verdade, cando din que non coñecemos as necesidades dos galegos e para vostedes esa é a prioridade para solucionar os problemas da nosa comunidade, a verdade é que non o entendemos.

E mire, señora Díaz, irei a Ferrol, pero teña clara unha cousa: se vou a Ferrol non irei con vostede, irei co candidato do Partido Popular, que foi o que mellor resultado e máis apoio acadou na cidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: E se hai que ir visitar os estaleiros, irei co señor Varela, non irei con vostede, téñoos claro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Votación das propostas de resolución

A señora PRESIDENTA: Se lles parece, imos pasar á votación das propostas de resolución.

Pechamos as portas.

Pido, por favor, que esteamos atentos para que vaia a votación fluída e non teñamos problemas.

Comezamos... (*Murmurios.*) Perdón, comezamos coa votación, de acordo co guión que teñen os grupos, das propostas de resolución transaccionadas.

Comezamos coa votación da transacción da proposta número 19 do Grupo Parlamentario Mixto e a número 27 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 19 do G.P. Mixto e a proposta de resolución número 27 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 43; votos en contra, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado con estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a proposta de resolución que é a transacción sobre a proposta número 20 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia co Grupo Parlamentario Mixto.

Votación do texto transaccionado entre o G.P. Popular de Galicia e o G.P. Mixto sobre a proposta de resolución número 20 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 43; votos en contra, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado sobre esta proposta de resolución.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Mixto.

Votación da proposta de resolución número 12 do G.P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 1; votos en contra, 42; abstencións, 30.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposta de resolución número 13.

Votación da proposta de resolución número 13 do G.P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 1; votos en contra, 73.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposta de resolución número 26.

Votación da proposta de resolución número 26 do G.P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 41; abstencións, 23.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposta de resolución número 38.

Votación da proposta de resolución número 38 do G.P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 41; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos as propostas de resolución números 3, 4 e 14.

Votación das propostas de resolución números 3, 4 e 14 do G.P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, estas propostas quedan aprobadas.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación as propostas de resolución números 8, 9 e 39.

Votación das propostas de resolución números 8, 9 e 39 do G.P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 57.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: E votamos, por último, o resto das propostas de resolución do Grupo Mixto.

Votación das propostas de resolución do G.P. Mixto, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da proposta de resolución número 9 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación as propostas de resolución números 6, 31 e 10. Aquí tiñamos un erro entre o punto 2 e o punto 3, e votamos a 6, a 31 e a 10.

Votación das propostas de resolución números 6, 10 e 31 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 41; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación as propostas de resolución números 1, 3 e 23.

Votación das propostas de resolución números 1, 3 e 23 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 58.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: E votamos, por último, o resto das propostas do BNG.

Votación das propostas de resolución do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Comezamos pola primeira das votacións, a proposta número 1.

Votación da proposta de resolución número 1 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 15; votos en contra, 58.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposta número 4.

Votación da proposta de resolución número 4 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 58.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 7.

Votación da proposta de resolución número 7 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposta de resolución número 10.

Votación da proposta de resolución número 10 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Número 17.

Votación da proposta de resolución número 17 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 41; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Proposta número 18.

Votación da proposta de resolución número 18 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Proposta número 30.

Votación da proposta de resolución número 30 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 58.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Proposta número 32.

Votación da proposta de resolución número 32 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Proposta número 34.

Votación da proposta de resolución número 34 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 38.

Votación da proposta de resolución número 38 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 58.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 3.

Votación da proposta de resolución número 3 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 58; abstencións, 7.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 15.

Votación da proposta de resolución número 15 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 41; abstencións, 7.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 25.

Votación da proposta de resolución número 25 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 15; votos en contra, 58; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 31.

Votación da proposta de resolución número 31 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos as propostas de resolución números 8 e 22.

Votación das propostas de resolución números 8 e 22 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 41; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Votamos as propostas números 2, 19 e 33.

Votación das propostas de resolución números 2, 19 e 33 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 58.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: E votamos o resto das propostas de AGE.

Votación das propostas de resolución do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Votamos as propostas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Comezamos coa proposta de resolución número 1.

Votación da proposta de resolución número 1 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 48.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposta número 2.

Votación da proposta de resolución número 2 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 41; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 24.

Votación da proposta de resolución número 24 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 25.

Votación da proposta de resolución número 25 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 41; abstencións, 7.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 28.

Votación da proposta de resolución número 28 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos as propostas de resolución números 18 e 40.

Votación das propostas de resolución números 18 e 40 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Votamos as propostas de resolución números 14 e 26.

Votación das propostas de resolución números 14 e 26 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 41; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Votamos as números 27 e 34.

Votación das propostas de resolución números 27 e 34 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: E, por último, votamos o resto das propostas do Grupo Socialista.

Votación das propostas de resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Votamos, por último, as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Comezamos coa proposta número 4.

Votación da proposta de resolución número 4 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 43; votos en contra, 25; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 7.

Votación da proposta de resolución número 7 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 14; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 9.

Votación da proposta de resolución número 9 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; votos en contra, 10; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 11.

Votación da proposta de resolución número 11 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 24; abstencións, 9.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 14.

Votación da proposta de resolución número 14 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67; votos en contra, 1; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 26.

Votación da proposta de resolución número 26 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 31; abstencións, 2.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 34.

Votación da proposta de resolución número 34 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 24; abstencións, 9.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 36.

Votación da proposta de resolución número 36 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 43; votos en contra, 24; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 37.

Votación da proposta de resolución número 37 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 49; votos en contra, 1; abstencións, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 38.

Votación da proposta de resolución número 38 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; votos en contra, 31; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 39.

Votación da proposta de resolución número 39 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 24; abstencións, 9.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a número 6.

Votación da proposta de resolución número 6 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 16; abstencións, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a número 24.

Votación da proposta de resolución número 24 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 15; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación as propostas de resolución números 22 e 40.

Votación das propostas de resolución números 22 e 40 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Votamos as números 1, 19 e 32.

Votación das propostas de resolución números 1, 19 e 32 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 31; abstencións, 2.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Votamos as propostas de resolución números 21, 23, 25, 29, 33 e 35.

Votación das propostas de resolución números 21, 23, 25, 29, 33 e 35 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 43; votos en contra, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a proposta número 8.

Votación da proposta de resolución número 8 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a número 16.

Votación da proposta de resolución número 16 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: E votamos, por último, o resto das propostas do Grupo Popular.

Votación das propostas de resolución do G.P. Popular de Galicia, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Rematada a votación e esgotada a orde do día, levántase a sesión.

Bo día e moitas grazas a todos.

Remata a sesión ás dúas e media da tarde.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25